

2011 MEMORIA DE ACTIVIDADES

DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**

2011 MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**

Edita:

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Algalia de Abaixo, 24

Tel.: 981.541.601

Fax: 981.541.610

E-mail: info.cgri@xunta.es

15781 Santiago de Compostela

Realiza: Unicopia, S.L.

ISSN: 1889-5395

Dep. Legal: C-1622-2009

Esta memoria pode consultarse tamén no sitio web do Consello: <http://cgri.xunta.es>

2011 MEMORIA DE ACTIVIDADES

DO CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**

PRESENTACIÓN

Resumir a actividade do ano 2011 e non referirse á crise económica semella un imposible, por canto os efectos desta no emprego, na actividade empresarial e mesmo nas relacións laborais en xeral, están sendo devastadores. Non hai empresa no noso país que, dun xeito ou outro, non se vexa afectada por un contexto económico e social de forte contracción, de retracción do consumo e de dificultade de financiamento, do mesmo xeito que non hai persoa traballadora que non vexa afectados os seus dereitos e expectativas de futuro.

Para facerlle fronte a esta crise optouse por actuar sobre a regulación do mercado de traballo de modo insistente, centrando sobre el unha problemática na que non tivo nada que ver e sumindo aos profesionais do dereito do traballo, ás empresas e ás persoas traballadoras nunha perplexidade e inseguridade respecto ás normas aplicables. Así, no ano 2011, asistimos a reformas laborais, de Seguridade social, de negociación colectiva e da xurisdición social, que non ben entraban en vigor como se cambiaban na seguinte reforma. Os resultados destas reformas sobre o emprego, creación de empresas ou reactivación da economía salta á vista: ningún.

Nesta situación, o Consello Galego de Relacións Laborais tratou de aportar o seu pequeno gran de area para mellorar o día a día das relacións laborais en Galicia. Tratamos de optimizar ao máximo os minguantes re-

ursos dos que dispoñemos, tentamos mais que nunca de achegar criterios serios e rigorosos no exercicio da función consultiva, no fomento do debate social, na negociación colectiva e na solución pola vía do diálogo e o entendemento dos conflitos laborais que se produciron no discurrir do ano.

A implicación das organizacións que integran o Consello Galego de Relacións laborais (CEG, UGT-Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia e CIG) no deseño e execución dos obxectivos do Consello e na actividade cotiá foi total e absoluta, sen fisuras e como unha piña. Non en vano, o interese de mellorar o marco de relacións laborais en Galicia e de apostar polo consenso como ferramenta de construción de futuro é común.

Poderíase entrar polo miúdo na actividade que reflicte esta memoria citando datos como que a mediación en conflitos e folgas acadou a cifra mais alta desde a aprobación do AGA no ano 1992, que os asistentes ás oito xornadas formativas que celebramos pola xeografía galega superou o milleiro ou que o apoio á negociación colectiva ampliou-se e abrangueu desde a recomendación xenerica de negociación, o catálogo de boas prácticas en materia de igualdade, a asistencia técnica ou os trámites de rexistro telemático de convenios. Poderíanse desgranar as publicacións e estudos técnicos feitos, as análises da negociación colectiva, as máis de



oitenta xuntanzas tidas ao longo do ano, as actividades formativas ou os acordos acadados, mais para iso está o contido da memoria que se presenta e mais por riba diso está o feito esencial de que, un ano mais, o Consello actuou como elemento común dos axentes sociais e dinamizador das relacións laborais galegas.

A memoria que teño a honra de presentar trata de reflectir unha actividade froito do acordo das organizacións que integran o Consello, mais, para o seu desenvolvemento, foi imprescindible o traballo serio, profesional e implicado do persoal funcionario do organismo. Sen eles e sen ese bo facer, a nosa actividade quedaría reducida á mínima expresión.

Un ano máis, espero e desexo que esta publicación, o seu contido e a actividade desenvolvida sexa do seu agrado e interese. Pola nosa parte seguiremos en 2012 a traballar con discreción e eficiencia a prol das relacións laborais de Galicia, é o que sabemos facer.

Demetrio Fernández López
*Presidente do Consello Galego de
Relacións Laborais*

CERTIFICACIÓN

Marisa Peña Cebreiro, secretaria xeral do Consello Galego de Relacións Laborais,

CERTIFICA: Que na xuntanza do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, celebrada o 27 de marzo de 2012, foi aprobada por unanimidade a memoria de actividades do Consello correspondente ao exercicio de dous mil once.

Santiago de Compostela,
27 de marzo de 2012.



INDICE

O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	9
XUNTANZAS DO PLENO E DA COMISIÓN PERMANENTE EN 2011 . .	19
EMISIÓN DE DITAMES	25
SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE CONFLITOS: XESTIÓN DO AGA.	35
O PAPEL DO CONSELLO NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA	47
CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS	61
PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E ESTUDOS	75
PERSOAL DO CONSELLO	85
GASTOS ORZAMENTARIOS	89

O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

**NATUREZA XURÍDICA E
REGULACIÓN**

COMPETENCIAS

COMPOSICIÓN

**ESTRUTURA ORGÁNICA E
FUNCIONAMENTO**

NATUREZA XURÍDICA E REGULACIÓN

A lei reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais, Lei 5/2008, do 23 de maio, publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 11 de xuño de 2008, ven dar resposta a unha demanda dos axentes económicos e sociais galegos, en canto constitúe o único foro de participación institucional propio, ao non participar ningunha outra organización social ou profesional. A nova lei dota ao Consello de personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins, aínda que o adscribe organicamente á consellería competente en materia de traballo.

Esta lei ven así mesmo reforzar a neutralidade e non-interferencia na autonomía de sindicatos e asociacións empresariais ao regular o nomeamento e cesamento de altos cargos do organismo conte coa conformidade das persoas membros das representacións sindicais e empresariais que integran o Pleno do Consello.

A regulación do organismo complétase coa Resolución do 23 de outubro de 2008, publicada no DOG de data 13 de novembro de 2008, pola que o Consello fai público o seu regulamento interno de organización e funcionamento.

COMPETENCIAS

As competencias do Consello, establecidas no artigo 3 da lei reguladora e no artigo 10 do regulamento interno, son as seguintes:

- Elaborar e remitirles, por propia iniciativa, estudos e informes aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma e formularlles propostas en materia de política laboral.
- Emitir ditames sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da comunidade autónoma en materia laboral, que lle serán solicitados preceptivamente.
- Fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución española e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios, nos ámbitos territorial e sectorial.
- Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e recomendar a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.
- Desenvolver as actuacións que considere necesarias para acadar o acordo marco interprofesional sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, previsto na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Promover e facilitar a mediación e arbitraje previstos nos conflitos laborais, por pedimento das partes interesadas.



Para tal fin poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecemento de arbitaxes ou mediacións, en especial respecto dos conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.

- Ter información actualizada do desenvolvemento do AGA (Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos do Traballo), así como controlar o seu funcionamento e impulsar a súa ampliación.
- Promover a creación de comisións paritarias, nos diversos ámbitos de negociación colectiva, coa composición e as competencias que o Pleno determine.
- Solicitar e recibir dos órganos competentes da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma canta información precise para o desempeño das súas funcións.
- Xestionar os acordos que lles sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.
- Desenvolver as funcións que o RD 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos, establece nos artigos 6 e 7.2º.
- Aprobar o informe anual sobre a situación sociolaboral da comunidade autónoma e a memoria anual sobre a actuación do Consello.
- Aprobar o orzamento do Consello para cada exercicio.
- Promover a participación en conferencias ou congresos de interese laboral, así como nas iniciativas de estudos, debates, etc., vinculados coa difusión de cuestións relacionadas co dereito laboral.
- Aprobar a creación das comisións de traballo e as súas competencias.
- Aprobar a planificación anual de actividades do Consello.
- Examinar o desenvolvemento das relacións laborais en Galicia e propoñer medidas que contribúan á súa mellora.
- Aqueloutras funcións asignadas ao Consello, non atribuídas expresamente a outro órgano no Regulamento de Funcionamento Interno do organismo.



COMPOSICIÓN

Segundo a súa normativa reguladora, o Consello está composto pola persoa a cargo da presidencia do organismo, pola titular da secretaría xeral e por catorce conselleiras e conselleiros, en representación das organizacións sindicais e empresariais que teñan a condición de representativas en Galicia, que se agrupan da seguinte forma:

- a) Sete persoas membros das organizacións sindicais que superen o dez por cento da totalidade das e dos representantes legais dos traballadores/as de Galicia, computadas o 31 de decembro do ano anterior a aquel no que se produza a renovación do mandato das persoas membros representativas do Pleno do Consello. A súa designación farana, en proporción á súa representatividade, os respectivos sindicatos e serán nomeadas pola persoa titular da consellería competente en materia laboral.
- b) Sete persoas membros das organizacións empresariais de maior representatividade no ámbito da comunidade autónoma, considerando como tales, para os efectos desta lei, as que empregan como mínimo o dez por cento do persoal traballador no referido ámbito. Serán designadas por elas e nomeadas pola persoa titular da consellería competente en materia laboral.

As conselleiras e os conselleiros do Consello, tanto titulares como suplentes, serán designadas polas súas organizacións conforme os criterios de equilibrio entre ambos sexos, tal como recolle a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Todas as persoas integrantes do Consello, a excepción da titular da secretaría xeral, terán dereito a voto.

A duración do mandato das persoas membros con representación é de catro anos, sen prexuízo da súa reelección e da posibilidade de substitución das titulares ou suplentes durante dito período, por proposta da organización á que representen.

INTEGRANTES DO CONSELLO EN 2011

En 2011, a composición do Consello foi a seguinte:

Presidente: Demetrio Fernández López, nomeado polo presidente da Xunta por Decreto 281/2002, do 3 de outubro, que tomou posesión do seu cargo o 7 de outubro de 2002.



Secretaría xeral: Marisa Peña Cebreiro, que ocupou este posto en comisión de servizos dende o día 31 de outubro de 2002 ata o 9 de abril de 2003, data na que obtén o citado posto por libre designación (Orde da Consellería de Asuntos sociais, Emprego e Relacións Laborais de 28 de marzo de 2003, publicada no DOG nº 69, do 08.04.2003), tomando posesión o día 10 de abril de 2003.

Laura Sánchez Bugallo

Polo Sindicato Nacional de Comisiones Obreiras de Galicia (SN de CCOO):

Titulares:

Maica Bouza Seoane
Daniel Costas Fernández

Suplentes:

José Hurtado Amador
Nuria Rodríguez Lema

CONSELLEIRAS E CONSELLEIROS:

Pola Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia):

Titulares:

Eladio Romero Ares
José Carlos Rodríguez del Río
M^a Cruz Vázquez González

Suplentes:

Domingo Barros Montáns
Ernesto Fontanes Blanco
M^a Luisa Rodríguez Vázquez

Pola Confederación Intersindical Galega (CIG):

Titulares:

Fernando Roberto Acuña Rúa
Manuel Currás Meira

Suplentes:

Margarida Corral Sánchez

Pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG):

Titulares:

Antón Arias Díaz-Eimil
Javier García Ruíz
Guadalupe Hervera Iglesias
Luis Novoa Díaz
Carlos Oliete Fernández
José Manuel Pérez Garrido
Miguel Ángel Puime Rey

Suplentes:

Marina Graña Bermúdez
María J. de Miguel Pérez
José Antonio Neira Cortés
Sonia Pardo Díaz
Fausto Santamarina Fernández
Alberto Viejo López
María José Garrido Herrera



Pleno do Consello



ESTRUTURA ORGÁNICA E FUNCIONAMENTO

De acordo coa normativa reguladora o Consello, para o exercicio das súas funcións, actúa a través dos seguintes órganos:

1) Órganos de goberno

- Órganos unipersoais
 - o A Presidencia
 - o A Secretaría Xeral
- Órganos colexiados
 - o O Pleno
 - o A Comisión Permanente

2) Outros órganos colexiados

- O Observatorio Galego da Negociación Colectiva
- O Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames
- A Comisión para a Igualdade de Mulleres e Homes na Negociación Colectiva
- As comisións de traballo

ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

A presidencia

O nomeamento e o cesamento do presidente ou presidenta faise polo presidente/a da Xunta de Galicia, a proposta da persoa titular da consellería competente en materia de traballo, logo de ser aprobada a proposta pola metade máis unha das persoas membros de

cada unha das representacións que integran o Pleno do Consello, reunido para o efecto.

A duración do seu mandato será de catro anos, prorrogable a outros catro co pronunciamiento previo do Pleno ao respecto.

Son funcións da presidencia:

- a) Exercer a representación do Consello.
- b) Convocar as sesións do Pleno e da Comisión Permanente, fixar a orde do día e presidir e moderar o desenvolvemento dos debates.
- c) Formalizar cantos acordos fosen necesarios para o cumprimento dos fins do Consello.
- d) Supervisar a xestión do conxunto de áreas e servizos do Consello.
- e) Dirixir, promover e coordinar a actuación do Consello e velar para que se cumpran as súas finalidades.
- f) Presentarlle ao Pleno o anteproxecto de orzamento anual do Consello.
- g) Presentarlle ao Pleno o plan e a memoria de traballo anuais do Consello.
- h) Adoptar as medidas necesarias para aplicar os acordos aprobados polo Pleno, polas comisións de traballo e polo Observatorio Galego da Negociación Colectiva.
- i) Convocar, por iniciativa propia ou a instancias do Pleno ou da Comisión Permanente, a persoas técnicas ou expertas para



que asistan ás xuntanzas dos órganos colexiados, cando se considere conveniente.

- l) Visar as actas e os certificados dos acordos acadados no Consello.
- m) Cantas outras funcións sexan propias da súa condición de titular da presidencia.

A secretaría xeral

O nomeamento e o cesamento do secretario ou secretaria xeral faise por orde da persoa titular da consellería competente en materia de traballo entre funcionarios e funcionarias pertencentes ao grupo A, por proposta de quen ostente a presidencia do Consello, logo de consulta coas organizacións empresariais e sindicais representadas neste. Como a figura da vicepresidencia queda suprimida, a Secretaría Xeral asume as funcións que lle eran inherentes.

Son funcións da secretaría xeral as seguintes:

- a) Ocupar a secretaría do Pleno, da Comisión Permanente e de calquera outro órgano colexiado que puidese constituírse, asistindo ás reunións con voz pero sen voto.
- b) Exercer a coordinación técnico-administrativa dos distintos servizos do Consello e velar pola súa eficacia e funcionamento.
- c) Redactar acta e darlles o curso correspondente aos acordos que adopte o Consello.
- d) Certificar os actos e acordos que realice e adopte o Consello.
- e) Despachar co presidente/a os asuntos ordinarios e aqueloutros que lle fosen encargados por aquel.
- f) Asumir a dirección do persoal ao servizo do Consello.
- g) Elaborar o plan e a memoria anuais do Consello para a súa presentación e conseguinte aprobación polo Pleno, dentro do primeiro trimestre do ano.
- h) Substituír á persoa titular da presidencia nos casos de vacante, enfermidade ou calquera outra causa xustificada, a xuízo do Pleno, así como substituíla naquelas comisións de traballo que o Pleno determine constituír.

- i) Expedir certificacións das actas, ditames e acordos aprobados polos órganos colexiados por petición de calquera persoa con interese lexítimo.
- l) Levar o arquivo e custodiar a documentación dos órganos colexiados do Consello.
- m) Presidir as reunións do Pleno do Consello de nomeamento ou cesamento da persoa titular da presidencia do organismo.

ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

O Pleno

O Pleno, integrado por todas as persoas que compoñen o Consello, constitúe o máximo órgano de decisión do organismo e se lle atribúen as competencias establecidas no artigo 3 da lei reguladora e no artigo 10 do regulamento interno.

Ademais, entre as funcións atribuídas especificamente a este órgano está a de aprobar o orzamento do Consello para cada exercicio, acordar as indemnizacións por razón de servizo que lles corresponda as conselleiras e conselleiros, así como as retribucións aos profesionais que colaboren co Consello e aprobar o regulamento de funcionamento interno do Consello e as súas posibles modificacións.

Os acordos do Pleno do Consello serán adoptados pola maioría absoluta das persoas que o integran con dereito a voto, e faranse constar en acta, se fose solicitado, os votos discrepantes, coa fundamentación dos mesmos.

A Comisión Permanente

A Comisión Permanente é o órgano de goberno ordinario do Consello e estará composta polas persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral e por seis membros do Consello en representación das organizacións que a compoñen, dos que tres corresponden ás organizacións empresariais e tres aos sindicatos máis representativos.

Entre as súas funcións está a de confeccionar a orde do día das xuntanzas plenarias, elaborar estudos sobre propostas de creación de



comisións de traballo, elaborar o orzamento correspondente para cada exercicio, emitir informe para a extensión dos convenios colectivos nos termos establecidos no artigo 7 do RD 718/2005 e pechar a proposta de planificación de actividades do Consello.

Os acordos da comisión serán adoptados pola maioría absoluta dos seus membros con dereito a voto, facéndose constar en acta se así se solicitase os votos discrepantes.

OUTROS ÓRGANOS COLEXIADOS

Observatorio Galego da Negociación Colectiva

Para o cumprimento das funcións atribuídas ao Consello no punto c) do artigo 3º da nova lei reguladora, créase dentro do organigrama do Consello o Observatorio Galego da Negociación Colectiva, que se configura como un órgano de carácter colexiado.

Estará integrado por seis membros, tres en representación das organizacións sindicais e tres das organizacións empresariais que integran o Pleno do Consello, ademais das persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral e poderá contar coa presenza de persoas expertas sen dereito a voto así como cun asesor/a por cada organización sindical e tres pola parte empresarial.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que o integran con dereito a voto.

Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames

O artigo 3 da nova lei reguladora establece como unha das funcións do Consello a de emitir, con carácter preceptivo e non vinculante, ditame sobre os proxectos normativos dos organismos da Xunta en materia de política laboral.

Para o desenvolvemento desta función creouse en 1991 o Comité delegado do Pleno para a emisión de ditames, cunha representación proporcional similar á do Consello e con normas propias de funcionamento, que foron modificadas en 2003. A nova normativa reguladora configura este comité como un órgano colexiado,

que garante a eficacia e axilidade na emisión de ditames. O seu funcionamento seguirá as normas previstas no anexo do regulamento interno do organismo.

Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva

A Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia define, no seu Título III, á Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva como un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega adscrito organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais.

Entre as súas competencias está a de asesorar sobre a redacción e aplicación de cláusulas que promovan a igualdade ou removan discriminacións, a análise dos convenios para detectar cláusulas discriminatorias, a organización de actividades de formación en igualdade de xénero dirixidas a empresas e a organizacións empresariais e sindicais, así como a elaboración de recomendacións xerais sobre o nivel axeitado de representación equilibrada entre homes e mulleres.

Esta comisión constará dunha presidencia, que será ocupada por quen ostente a do Consello, tres persoas en representación das organizacións sindicais máis representativas, tres persoas en representación das organizacións empresariais máis representativas e tres persoas de recoñecido prestixio en materia de igualdade por razón de xénero, que participarán con voz, pero sen voto.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que a integran con dereito a voto.

Comisións de traballo

Segundo a súa lei reguladora, o Consello poderá constituír as comisións de traballo que considere necesarias, así como determinar a súa composición.

As comisións de traballo estarán integradas por persoas designadas polas organizacións empresariais e sindicais representadas no



Consello, en proporción e paridade equivalente á do Pleno e terán as competencias que este determine antes da súa constitución.

Estas comisións de traballo examinarán os temas que o Pleno decida e lle remitirán a resolución das súas conclusións. A presidencia e a moderación dos traballos nelas desenvolvidos corresponderalle á persoa titular da presidencia do Consello, ou, de ser o caso, da secretaría xeral.



Xuntanza da Comisión Permanente

XUNTANZAS DO PLENO E DA COMISIÓN PERMANENTE EN 2011

PLENO

COMISIÓN PERMANENTE

PLENO

ORDINARIO: 15 DE FEBREIRO DE 2011 (1/2011)

- Aprobación, se procede, da acta 4/10.
- Información xeral sobre as actividades levadas a cabo ata a data da xuntanza.
- Aprobación da memoria do Consello Galego de Relacións Laborais do ano 2010.
- Aprobación do programa de actividades do Consello para o ano 2011 e das recomendacións en materia de negociación colectiva.
- Rogos, preguntas e propostas.

Destácase nesta xuntanza a aprobación do programa de actividades do Consello, que se centrou en catro áreas fundamentais:

1. **Función consultiva**, coa emisión dos ditames sobre os proxectos normativos que lle son solicitados.

2. **Apoio á negociación colectiva**, mediante o estudo e explotación estatística, no plano do asesoramento e axuda que se solicita polas comisións negociadoras e no plano do estímulo e mellora. No ano 2011, seguirase a prestar apoio e asistencia técnica a todas cantas comisións negociadoras e comisións paritarias o soliciten. Convocaranse xuntanzas, exploraranse novos ámbitos, redactaranse actas, faranse estudos comparativos de convenios e tramitarase o rexistro e de-

pósito telemático dos convenios sectoriais que conteñan delegación expresa no Consello para este trámite. Do mesmo xeito, dinamizaranse procesos negociadores coa anuencia das dúas partes negociadoras, reconduciranse cara ao AGA aqueles procesos que o precisen e prestarase canto asesoramento e apoio se solicite.

Xunto coa distribución de dípticos e textos do AGA, remitirase a recomendación para a negociación colectiva 2011 que aprobe o Pleno.

Harmonizaranse os ámbitos dos convenios colectivos cos novos CNAES e, desenvolvendo a táboa de equivalencias entre códigos antigos e códigos novos que se atopa na páxina web, substituirase paulatinamente a identificación dos convenios, mantendo a referencia aos antigos na denominación.

3. **Solución extraxudicial de conflitos colectivos**, cun ofrecemento activo dos mecanismos do AGA, desde a primeira remisión de dípticos, libros e carteis ata o ofrecemento específico diante das situacións de conflito ou bloqueos de negociación das que se teña coñecemento.

Remitirase aos membros da Comisión Permanente por correo electrónico os acordos de mediación cando estes se produzan así como os laudos arbitrais que se diten.



No primeiro semestre do ano, a comisión paritaria analizará a marcha do acordo, así como a necesidade ou non de adaptalo ás previsións da Lei 35/2010.

Respecto dos conflitos individuais, comprematar nos primeiros meses do ano a análise de custos, persoal, sedes territoriais que implicaría a posta en marcha do sistema de solución extraxudicial, así como o método de designación de mediadores. Para eses efectos, a Comisión Permanente xuntarase nos primeiros días de cada mes ata a súa conclusión e apertura dun prazo de reflexión a nivel interno de cada organización.

4. Fomento do debate social, a través das seguintes actividades:

- Publicacións.
- Curso Superior de Relacións Laborais.
- Seminarios formativos para cadros empresariais e sindicais.
- Xornadas.

ORDINARIO: 17 DE XUÑO DE 2011 (2/2011)

- Aprobación, se procede, de acta 1/2011.
- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Aprobación da memoria e das contas anuais do Consello Galego de Relacións Laborais correspondentes ao ano 2010.
- Aprobación das indemnizacións ás organizacións sindicais e empresariais para o ano 2011.
- Rogos, preguntas e propostas.

Destácase nesta xuntanza a aprobación da memoria e das contas anuais do Consello e a súa remisión á Intervención Xeral da Xunta de Galicia en virtude do disposto na Lei de réxime xurídico e financeiro de Galicia.

ORDINARIO: 9 DE SETEMBRO DE 2011 (3/2011)

- Aprobación, se procede, da acta 2/2011.

- Información xeral.
- Aprobación, se procede, da publicación do Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia do ano 2010.
- Aprobación, se procede, da recomendación de boas prácticas en materia de igualdade na negociación colectiva.
- Aprobación, se procede, do texto do acordo de solución extraxudicial de conflitos individuais.
- Rogos, preguntas e propostas.

Destácase nesta xuntanza a aprobación da recomendación de boas prácticas en materia de igualdade e do texto do acordo de solución extraxudicial de conflitos individuais de traballo, dos que se da conta nos seus respectivos apartados.

ORDINARIO: 11 DE OUTUBRO DE 2011 (4/2011)

- Aprobación, se procede, da acta 3/11.
- Información xeral.
- Aprobación do orzamento 2012.
- Aprobación do pagamento das indemnizacións ás organizacións correspondente ao 3º trimestre.
- Modificación do regulamento de funcionamento interno.
- Rogos, preguntas e propostas.

Destácase nesta xuntanza a aprobación da modificación do artigo 16º do Regulamento interno de organización e funcionamento do Consello Galego de Relacións Laborais, coa introdución dun novo apartado que se sinala coa letra e), por orde e sistemática da redacción do artigo, correndo todos os apartados unha letra:

“e) Emitir, no prazo de trinta días naturais, ditame non vinculante en orde a determinar a aplicación ou non dun convenio colectivo vixente a unha empresa ou centro de traballo, sen prexuízo da competencia da xurisdición social”.



ORDINARIO: 21 DE DECEMBRO DE 2011 (5/2011)

- Aprobación, se procede, da acta 4/11 do Pleno.
- Información xeral.
- Toma en consideración do estudo sobre o tempo de traballo e o emprego na negociación colectiva.
- Aprobación da modificación da relación de postos de traballo do consello (RPT).
- Aprobación da nova *Revista Galega de Dereito Social*.
- Resumo das actividades desenvolvidas no ano 2011.
- Rogos, preguntas e propostas.

COMISIÓN PERMANENTE

Resúmese a continuación o tratado en cada unha das xuntanzas da Comisión Permanente en 2011:

ORDINARIA: 4 DE FEBREIRO DE 2011

- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Toma en consideración da memoria de actividades 2010.
- Toma en consideración do boletín de negociación colectiva.
- Toma en consideración da recomendación da negociación colectiva.
- Remate da planificación de actividades para 2011.

ORDINARIA: 4 DE MARZO DE 2011

- Punto único: o sistema de solución extraxudicial de conflitos individuais de traballo.

ORDINARIA: 1 DE ABRIL DE 2011

- O sistema de solución extraxudicial de conflitos individuais de traballo.



ORDINARIA: 18 DE MAIO DE 2011

- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Posicionamento respecto da solución extraxudicial de conflitos individuais.
- Toma en consideración das contas do ano 2010.
- Reparto das indemnizacións correspondentes ao ano 2011.

ORDINARIA: 7 DE SETEMBRO DE 2011

- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Curso Superior de Relacións Laborais 2011-2012.
- Modificación do tema da xornada prevista na Coruña.

EXTRAORDINARIA: 13 DE SETEMBRO DE 2011

- Punto único: conclusións do informe sociolaboral de 2010.

EXTRAORDINARIA: 6 DE OUTUBRO DE 2011

- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Toma en consideración do orzamento para 2012.
- Aprobación do pagamento das indemnizacións ás organizacións correspondente ao 3º trimestre.
- Modificación do regulamento interno do Consello.
- Encontro Galego de Relacións Laborais.

EXTRAORDINARIA: 25 DE NOVIEMBRE DE 2011

- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Toma en consideración da modificación da RPT do Consello.



EMISIÓN DE DITAMES



Xuntanza do Comité de Ditames

O artigo 1 da lei reguladora do Consello configura a este como órgano consultivo e asesor da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias relativas a súa política laboral.

Neste aspecto, unha das funcións máis salientables do Consello é a de emitir, con carácter preceptivo e non vinculante, ditame sobre os proxectos normativos dos organismos da Xunta en materia de política laboral. Esta función a leva a cabo o Comité delegado do Pleno para a emisión de ditames, que a normativa configura como un órgano colexiado dotado de normas de funcionamento interno, que veñen recollidas no anexo do regulamento interno do organismo.

En 2011 emitíronse, sempre dentro do prazo legalmente establecido, 38 ditames, que se relacionan de xeito resumido a continuación. Todos eles se atopan recollidos integramente na páxina web do Consello.

DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
1/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2011	10 de xaneiro	25 de marzo (Orde do 17 de marzo)
2/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos as empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) cofinanciada polo Fondo Social Europeo e se procede a súa convocatoria para o ano 2011	10 de xaneiro	30 de marzo (Orde do 18 de marzo)



DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
3/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego e se procede á súa convocatoria para o ano 2011	13 de xaneiro	2 de marzo (Orde do 21 de febreiro de 2011)
4/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2011	2 de febreiro	31 de marzo (Orde do 22 de marzo)
5/2011	Orde pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2011	3 de febreiro	14 de abril (Orde do 31 de marzo)
6/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotación agrarias.	3 de febreiro	28 de marzo (Orde do 17 de marzo)
7/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e do programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2011	11 de febreiro	30 de marzo (Orde do 18 de marzo)
8/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2011	16 de febreiro	28 de marzo (Orde do 17 de marzo)
9/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para fomentar a responsabilidade social empresarial (RSE) nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2011	25 de febreiro	18 de maio (Orde do 28 de abril)



DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
10/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2011	2 de marzo	28 de marzo (Orde do 21 de marzo)
11/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2011	7 de marzo	27 de maio (Orde do 12 de maio)
12/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2011 e 2012 de programas integrados para o emprego	30 de marzo	24 de maio (Orde do 12 de maio)
13/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras do réxime de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como Iniciativas Locais de Emprego (ILES), cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011	12 de abril	27 de maio (Orde do 20 de maio)
14/2011	Orde pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais e sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, de 7 de marzo, pola que desenvolve o Real Decreto 395/2007, de 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento	18 de abril	14 de xuño (Orde do 6 de xuño)
15/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011	28 de abril	8 de xuño (Orde do 31 de maio)



DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
16/2011	Orde pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso a formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional aprobados ao abeiro do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia	4 de maio	4 de agosto (Orde do 12 de xullo)
17/2011	Orde pola que se derroga a Orde do 9 de xullo de 2004 pola que se regula a creación dun catálogo de expertos docentes así como o establecemento do procedemento de selección e contratación de expertos para a impartición de accións formativas do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP) nos centros de formación profesional ocupacional dependentes da Xunta de Galicia	23 de maio	10 de xuño (Orde do 31 de maio)
18/2011	Orde pola que se establece o procedemento de aboamento de cotas á Seguridade Social a traballadores e traballadoras que percibisen a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, e se procede a convocatoria das correspondentes axudas	1 de xuño	19 de setembro (Orde do 3 de agosto)
19/2011	Decreto polo que se determina o calendario laboral para o ano 2012 na Comunidade Autónoma de Galicia	1 de xuño	4 de xullo (Decreto 128/2011, do 30 de xuño)
20/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións ao abeiro do Real Decreto 196/2010, do 26 de febreiro, polo que se establecen medidas para facilitar a reinserción laboral así como o establecemento de axudas especiais aos traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego 76/2000, do 8 de marzo de 2001 e 25/2001, do 31 de xullo de 2001	13 de xuño	4 de outubro (Orde do 20 de setembro)
21/2011	Decreto polo que se crea o Consello Autonómico de Emprego, os Consellos Provinciais de Emprego e os Comités Territoriais de Emprego	20 de xuño	17 de outubro (Decreto 192/2011, do 29 de setembro)



DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
22/2011	Orde pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2011	23 de xuño	18 de agosto (Orde do 29 de xullo)
23/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras da subvención do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o período do último trimestre do ano 2011 e do primeiro semestre do ano 2012, dentro do programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego	12 de setembro	18 de outubro (Orde do 11 de outubro)
24/2011	Orde pola que se regula a convocatoria pública para a determinación da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia	2 de novembro	Pendente de publicación
25/2011	Orde pola que se determinan os órganos de tramitación e instrución dos expedientes sancionadores na orde social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia en cumprimento do establecido polo artigo 18 do Regulamento Xeral sobre procedementos para a imposición da sancións por infraccións na orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social (RD 928/1998, do 14 de maio), modificado polo RD 772/2011, do 3 de xuño	2 de novembro	Pendente de publicación
26/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria	21 de novembro	23 de xaneiro de 2012 (Orde do 30 de decembro de 2011)
27/2011	Orde pola que se procede á convocatoria de axudas dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo para o ano 2012	28 de novembro	19 de xaneiro de 2012 (Orde do 31 de decembro de 2011)



DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
28/2011	Orde pola que se modifican as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para o ano 2012	28 de novembro	18 de xaneiro de 2012 (Orde do 30 de decembro de 2011)
29/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo e se procede a súa convocatoria para o ano 2012	28 de novembro	23 de xaneiro de 2012 (Orde do 31 de decembro de 2011)
30/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2012	5 de decembro	10 de xaneiro de 2012 (Orde do 30 de decembro de 2011)
31/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego	5 de decembro	11 de xaneiro de 2012 (Orde do 30 de decembro de 2011)
32/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2012	12 de decembro	17 de xaneiro de 2012 (Orde do 30 de decembro de 2011)
33/2011	Orde pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2012	12 de decembro	Pendente de publicación
34/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012	16 de decembro	13 de marzo de 2012 (Orde do 2 de marzo de 2012)
35/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2012	16 de decembro	20 de xaneiro de 2012 (Orde do 30 de decembro de 2011)



DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
36/2011	Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa das Iniciativas Emprendedoras e de Emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012	20 de decembro	28 de marzo de 2012 (Orde do 15 de marzo)
37/2011	Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2012	27 de decembro	12 de marzo de 2012 (Orde do 29 de febreiro)
38/2011	Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2012	27 de decembro	12 de marzo de 2012 (Orde do 28 de febreiro)



SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE CONFLICTOS: XESTIÓN DO AGA

**TRAXECTORIA DO AGA
ATA 2011: EXPEDIENTES
XESTIONADOS**

**O SISTEMA DE SOLUCIÓN
EXTRAXUDICIAL DE CONFLICTOS
INDIVIDUAIS DE TRABALLO**

TRAXECTORIA DO AGA ATA 2011: EXPEDIENTES XESTIONADOS

A continuación referirémonos, dun xeito fundamentalmente estatístico, aos expedientes xestionados ao abeiro do AGA desde os seus comezos en xuño de 1992 ata o 31 de decembro de 2011.

Nunha primeira aproximación a esta estatística, podemos dicir que dos 723 expedientes promovidos, o 58,51% corresponden ao sector servizos; o 38,73% ao da industria; o 1,24% ao da pesca, o 1,24% ao da construción e o 0,28% ao da agricultura. Esta proxección porcentual segue a mesma liña que en anos precedentes.

AGA. Expedientes por sectores económicos e traballadores afectados (1.06.92 / 31.12.11)

	Nº exptes	%	Traballadores	%
Agricultura	2	0,28	22	0,0
Pesca	9	1,24	7.600	1,17
Industria	280	38,73	126.006	19,38
Construción	9	1,24	15.959	2,45
Servizos	423	58,51	500.711	77,00
Total	723	100	650.298	100

Se analizamos os expedientes promovidos segundo o ámbito do conflito (sector ou empresa) e diferenciando o seu ámbito xeográfico, ao mesmo tempo, conseguimos a seguinte información:



**Total expedientes iniciados. Traballadores afectados por sector e empresa.
(01.06.92 / 31.12.11)**

	Comunidade Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	82	283	101	31	226	723
Traballadores afectados	101.469	265.647	41.900	8.388	232.894	650.298
Expedientes conflitos sector	30	33	10	7	50	130
Traballadores afectados conflitos sector	88.361	216.891	22.150	5.727	212.198	545.327
Expedientes conflitos empresa	52	250	91	24	176	593
Traballadores afectados conflitos empresa	13.108	48.756	19.750	2.661	20.696	104.971

Analizando os expedientes que tiveron entrada no rexistro do AGA segundo o seu resultado final, obtéñense os seguintes datos:

AGA. Resultado dos expedientes. Distribución territorial (01.06.1992 / 31.12.11)

	Exptes iniciados	Exptes rexeitados ou desistidos	Conflitos resoltos por acordo previo	Exptes tramitados	Exptes con resultado positivo	Exptes con resultado negativo	Exptes en tramitación
Com. Autónoma	82	37	1	43	32	11	1
A Coruña	283	98	12	173	143	30	
Lugo	101	39	3	59	52	7	
Ourense	31	8	1	21	17	4	1
Pontevedra	226	59	9	154	137	17	4
Total	723	241	26	450	381	69	6



Expedientes xestionados (01.06.92 / 31.12.11)

Expedientes iniciados	723			
Expedientes en tramitación	6			
Expedientes rexeitados	225			
Expedientes desistidos	16			
		Conflictos resoltos	Empresas afectadas	Traballadores afectados
Expedientes tramitados	476	393	76.981	372.074
Expedientes archivados por solución previa	26	26	326	4.930
Conciliación/mediación	328	258	60.098	277.455
Arbitraxes	122	109	16.557	89.689

Resultado final de cada expediente (01.01.2011 / 31.12.2011)

	Exptes iniciados	Exptes rexeitados pola contraparte afectada	Exptes desistidos	Conflictos resoltos por acordo previo	Exptes tramitados	Exptes con resultado positivo	Exptes con resultado negativo	Exptes en tramitación
Com. Autónoma	7	5			1	1		1
A Coruña	25	10	1		14	12	2	
Lugo	11	6	1		4	3	1	
Ourense	4	1			2	2		1
Pontevedra	28	7		3	14	14		4
Total	75	29	2	3	35	32	3	6



Desagreganse a continuación os 35 expedientes tramitados no Servizo de Solución de Conflitos no ano 2011, así como os 6 que están en tramitación:

EXPEDIENTE	EMPRESA	PROCEDEMENTO	PROMOCIÓN	OBXECTO	MEDIADOR/A	RESULTADO
2/11	Papelera Brandía, SA	Mediación	CIG	Cuadrantes de traballo e incremento do plus de produtividade	Carlos Domenech	Positivo
6/11	Sociedad Textil Lonía, SA	Mediación	FITEGA-CC-OO. De Ourense	Cadro de vacacións	Rocío de Frutos	Positivo
7/11	Nodosat, SL; Nodomar Morrazo, SL; Nodosa, SL	Arbitraje	Mutuo acordo empresa-comité de empresa	Consideración das horas de folga como horas efectivamente traballadas	José María Casas	Positivo – Laudo arbitral
8/11	Sociedade de imaxe e promoción Turística de Galicia, SL – TURGALICIA	Mediación	Comité empresa	Calendario laboral	Rocío de Frutos	Positivo
11/11	Comisión paritaria co convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia	Arbitraje	Comisión paritaria	Artigo 14 do convenio colectivo	Benigno Sánchez	Positivo – Laudo arbitral
12/11	Cooperativa farmacéutica de Galicia, SA (COFAGA)	Mediación	S.N. de CC.OO. de Galicia	Artigo 9 (Niveis de desenvolvemento profesional) e 40 (Bolsa de emprego) do convenio colectivo	Benigno Sánchez	Negativo
13/11	Dornier, SA	Mediación	Comité empresa	Organización do traballo por modificacións organizativas/ produtivas	Verónica Martínez	Positivo
16/11	Almacенamientos y Montajes, SAU (Alymosa)	Arbitraje	Mutuo acordo	Levar a cabo un estudio que determine o comenzo da escala proporcional do IP na antedita empresa (o valor da prima de produción IP 95 está pendente de estudo segundo o establecido no último parágrafo do artigo 17 do convenio colectivo) a fin de que garde o correspondente sistema de proporcionalidade cos da empresa do Grupo Viza, S.A	José María Casas	Positivo – Laudo arbitral



EXPEDIENTE	EMPRESA	PROCEDEMENTO	PROMOCIÓN	OBXECTO	MEDIADOR/A	RESULTADO
18/11	Grupo STC Sistemas de Comunicación y Control, SA	Mediación	S.N. de CC.OO. de Galicia	Artigos 27 (desprazamentos) e 30 (xornada de traballo) do convenio colectivo da industria siderometalúrxica da provincia da Coruña	Teresa Díaz	Positivo
20/11	Plastic Omnium Componentes Exteriores, SL	Arbitraxe	Comité empresa	Determinar o dereito ou non ao goce de vacacións unha vez transcorrido o ano natural e non gozalas por estar de baixa	Verónica Martínez	Positivo – Laudo arbitral
21/11	Bosch Security Systems, SAU	Mediación	Empresa	Convocatoria folga	Verónica Martínez	Positivo
22/11	UTE Albada	Mediación	Empresa	Bloqueo na negociación do convenio colectivo	Carlos Domenech	Positivo
23/11	La Toja, SA	Mediación	Empresa	Estancamento na negociación do convenio colectivo	José María Casas	Positivo
25/11	VDR Confec, SLU	Mediación	Traballadores empresa	Convocatoria folga		En tramitación
27/11	Fundación TIC	Arbitraxe	UGT-Galicia	Discrepancias económicas e sociolaborais	Carlos Domenech	Positivo – Laudo arbitral
29/11	Sector de oficinas e despachos da provincia de Pontevedra	Mediación	Mutuo acordo	Táboas salariais 2011	José María Casas	Positivo
33/11	Adicional Logistics España, SL (Vigo)	Mediación	Delegada persoal	Conflito na empresa		En tramitación
36/11	Sector do granito de Pontevedra	Arbitraxe	Mutuo acordo	Interpretación de se o IV Convenio Colectivo da Construción é de aplicación no referido aos incrementos salariais dos anos 2010-2011, así como á posible revisión salarial	Carlos Domenech	Positivo – Laudo arbitral



EXPEDIENTE	EMPRESA	PROCEDEMENTO	PROMOCIÓN	OBJECTO	MEDIADOR/A	RESULTADO
38/11	Denso Sistemas Térmicos España, SA	Mediación	Empresa	Bloqueo na negociación do convenio e convocatoria folga indefinida	Verónica Martínez	Positivo
39/11	Asientos de Galicia, SL	Mediación	Comité empresa	Bloqueo na negociación do convenio colectivo	Verónica Martínez	Positivo
40/11	Borgwarner Emissions Systems Spain, SL	Mediación	Mutuo acordo	Negociación convenio colectivo	José María Casas	Positivo
43/11	Maier Ferroplast, SL	Arbitraje	Mutuo acordo	Interpretación dos artigos 48 (puntualidade e asistencia), 30 B (suspensión do contrato por paternidade) e 54 (baixas por enfermidade e accidente) do convenio colectivo	José María Casas	Positivo – Laudo arbitral
44/11	BABCOK KOMMUNAL, MBH Y TÉCNICAS MEDIOAMBIENTALES, TECMED, SA, UTE (ALBADA)	Mediación	Empresa	Convocatoria folga	Carlos Domenech	Positivo
46/11	Grupo Einsa	Mediación		Convocatoria folga	Benigno Sánchez	Positivo
47/11	Veicar, SL	Mediación	Comité empresa	Reclamacións en materia salarial	Carlos Domenech	Positivo
48/11	Urbaser, SA (RSU Marín)	Mediación	U.C. de CC.OO. de Pontevedra	Bloqueo na negociación colectiva	Verónica Martínez	En tramitación
50/11	Fábrica Cerámica de Sargadelos, SL	Mediación	Comité empresa	Elaboración calendario laboral	Teresa Díaz	Negativo
51/11	Sector do comercio de alimentación da provincia de Pontevedra	Mediación	UGT, CC.OO., Feticio e USO	Interpretación do concepto de complemento de antigüidade do artigo 25 do convenio colectivo do comercio de alimentación da Provincia de Pontevedra	José María Casas	Positivo



EXPEDIENTE	EMPRESA	PROCEDEMENTO	PROMOCIÓN	OBXECTO	MEDIADOR/A	RESULTADO
54/11	Severiano Gestión, SL	Mediación	CIG	Desentendemento da proposta de descolgue salarial da empresa	Carlos Domenech	Negativo
56/11	Urbaser, SA (RSU concellos Pontecaldelas, Soutomaior e Vilaboa)	Mediación	Mutuo acordo	Instrumento de regulaci3ns das condici3ns econ3micas	Jos3 Mar3a Casas	Positivo
57/11	GRUPO DE TRANSPORTES JAVIER EST3VEZ, SL TRANSPORTES CABALAR, SA, TRANSPORTES CABALAR DE L3QUIDOS ALIMENTARIOS, SL e TRANSPORTES CARBA-ESTE, SL	Mediación	Representacion empresarial	Discrepancias salariais	Ver3nica Mart3nez	En tramitaci3n
58/11	Vestas Nacelles Spain, SAU	Mediación	Mutuo acordo	Bloqueo na negociaci3n do convenio colectivo	Carlos Domenech	Positivo
59/11	Sociedad Textil Lonja, SA	Mediación	Comit3 empresa	Reclasificaci3ns de categor3as	Roc3o de Frutos	Positivo
60/11	Gaia GD, SL – Movexvial, SL UTE	Mediación	Empresa	Desacordo aplicaci3n convenio colectivo de instalaci3ns deportivas e ximnasios de Galicia	Teresa D3az	Positivo
62/11	Sector do granito de Pontevedra	Mediación	Mutuo acordo	Bloqueo na negociaci3n do convenio colectivo		En tramitaci3n
63/11	Sector da primeira transformaci3n da madeira de Lugo	Mediación	Fecoma-CC. OO.	Non aplicaci3n dos salarios m3nimos establecidos na disposici3n adicional 3ª do III Convenio Colectivo Estatal da Madeira	Carlos Domenech	Positivo
65/11	Grupo Einsa	Mediación	Mutuo acordo	Negociaci3n ERE suspensivo	Benigno S3nchez	Positivo



EXPEDIENTE	EMPRESA	PROCEDEMENTO	PROMOCIÓN	OBXECTO	MEDIADOR/A	RESULTADO
67/11	Limpisa – Grupo Norte (servizo de limpeza da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela)	Mediación	CIG	Cobertura de vacantes e categorías profesionais		Desistimento
70/11	Centro Ricardo Baró-Aspronaga	Arbitraje	Comité empresa	Interpretación artigo 45 do convenio colectivo (vacacións)	Benigno Sánchez	Positivo – Laudo arbitral
72/11	Carrocería Castrosúa, SA	Mediación	Comité empresa	Incumprimento do artigo 32 do Convenio de aplicación (fixación pola empresa do calendario laboral para o ano 2012)	Carlos Domenech	Positivo
74/11	Severiano Servicio Móvil, SA	Mediación	Representación empresa	Bloqueo na negociación do convenio colectivo do Arquivo de Historias Clínicas da Coruña	Carlos Domenech	Positivo
75/11	Comisión paritaria do convenio de Fundación Camiña Social	Mediación	Comisión paritaria	Xornada de traballo		En tramitación



O SISTEMA DE SOLUCIÓN EXTRAXUDICIAL DE CONFLITOS INDIVIDUAIS DE TRABAJO

O Consello Galego de Relacións Laborais levaba tempo a traballar intensamente para acadar un acordo que permitise xestionar no seu seo a conflictividade individual, como de feito se ven facendo con normalidade noutras comunidades autónomas.

Xa en 2010 quedou case rematado o texto do acordo regulador, á espera de coñecer o informe solicitado sobre as necesidades de medios persoais e materiais para a xestión dos procedementos, sobre a previsión de custos derivados da implantación do sistema e do orzamento actual consignado para os servizos de mediación, arbitraje e conciliación (SMAC) da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao longo de 2011 a Comisión Permanente reuniuse en diversas ocasións co obxectivo de aprobar o texto regulador e emprender a xestión do acordo.

Na primeira das xuntanzas, que tivo lugar o 4 de marzo de 2011, deuse conta do informe xurídico elaborado polo catedrático de Dereito do Traballo da Universidade de Santiago de Compostela Javier Gárate, así como do custo e dos medios necesarios para poñer en marcha o sistema. Tamén se informou do número de conciliacións-mediacións realizadas en Galicia nos últimos tres anos e se propuxo manter as sedes actuais dos SMAC, cambiando as instalacións e tendo mediacións simultáneas. Todas as organizacións es-

tiveron de acordo en que a comisión paritaria do acordo sexa o órgano encargado da designación de mediadores e árbitros.

Na Comisión Permanente do 1 de abril de 2011 presentouse, para a súa consideración polas organizacións que forman o Consello, o documento co borrador do texto do acordo, xunto co informe xurídico da súa idoneidade, informe de necesidades, medios materiais, sedes territoriais, medios persoais, así como o informe de previsión dos custos derivados da súa implantación. Figuraban tamén no documento os datos por provincias das conciliacións individuais que tiveron lugar en Galicia durante o ano 2010, así como unha comparativa dos resultados obtidos noutras comunidades autónomas. Xunto co referido documento, achegouse un anexo que recollía os custos do persoal dos SMAC, necesarios para xestionar o acordo.

Finalmente, o texto do acordo de solución extraxudicial de conflitos individuais de traballo foi aprobado polo Pleno do Consello en sesión ordinaria realizada o 9 de setembro de 2011.

O presente documento recolle o traballo da Comisión Permanente e do persoal do Consello Galego de Relacións Laborais ao longo do ano 2010 e comezos de 2011, cumprindo co mandato do pleno do organismo na planificación de actividades dos respectivos exercicios.



Cando se asina o AGA no ano 1992, as organizacións asinantes comprométense a elaborar no prazo da súa vixencia unha proposta de procedemento negociado de solución de conflitos individuais de traballo baixo a forma xurídica dun acordo interprofesional. Logo dun primeiro intento no ano 1993, non se retomara dun xeito serio e rigoroso a posibilidade dun acordo interprofesional nesta materia ata agora.

No ano 2011, a maior parte das comunidades autónomas do estado español contan con acordos interprofesionais respecto da solución extraxudicial de conflitos individuais, sendo Galicia, Asturias, Extremadura e Canarias practicamente das poucas excepcións. Non hai razóns que xustifiquen esta carencia prexudicial para a economía e para as relacións laborais galegas, máxime cando a experiencia verificable coas propias organizacións sindicais e empresariais e administracións laborais de outras comunidades con sistemas de solución extrajudicial acordados é tremendamente satisfactoria.

A realidade actual é que os SMAC en Galicia non están cumprindo coa función de conciliación efectiva para a que foron creados, empregándose soamente coa finalidade de cumprir un trámite burocrático e legalmente esixido. Non están evitando litixiosidade, sendo a consecuencia inmediata un colapso dos xulgados do social con retrasos inmensos que impiden unha inmediatez da xustiza, merman a seguridade xurídica e acarreean custos e prexuízos importantes para empresas e persoas traballadoras.

A porcentaxe de asuntos sometidos aos SMAC galegos que rematan con avinza é dun 12%, fronte á porcentaxe no contorno do 50% de avinzas en comunidades que contan con sistemas de solución extraxudicial pactados polas organizacións sindicais e empresariais. A porcentaxe, sempre impersoal, ten neste caso entidade dabondo para unha fonda reflexión en termos económicos e sociais.

O que se pretende cun acordo nesta materia é introducir parámetros de calidade, proximidade, corresponsabilidade, eficiencia, rapidez e seguridade na xestión dos conflitos indi-

viduais. Pretendese coxestionar un sistema, contrastado dabondo noutras comunidades autónomas, para mellorar, axilizar e mesmo singularizar cada caso desacordos que non teñen necesariamente que rematar nun xulgado. Preténdese en definitiva unha mellora substancial das relacións laborais galegas.

O documento é o texto dun acordo interprofesional elaborado coas suxestións feitas por todos os membros da Comisión Permanente. Esta analizou tamén un estudo xurídico da Universidade de Santiago de Compostela acerca da adecuación legal do mesmo, así como un estudo de necesidades materiais, de cadro de persoal, de conflictividade individual galega e comparativo de conflitos resolto en sistemas acordados fronte ao SMAC. De todos eles, reflíctese que con poucos recursos pode mellorarse substancialmente un aspecto esencial das relacións laborais, que a situación actual o demanda de xeito inaplazable e que os aspectos meramente administrativos ou materiais non imposibilitan, senón mais ben aconsellan optar e apostar pola solución extraxudicial de conflitos individuais en Galicia.

Compre unha reflexión en profundidade da oportunidade dun acordo nunha materia de interese común e de cuxa mellor eficiencia só cabe agardar beneficios para as relacións laborais en Galicia e polo tanto para empresas, persoas traballadoras e administración laboral.



O PAPEL DO CONSELLO NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

**ESTRUTURA DA NEGOCIACIÓN
COLECTIVA EN GALICIA**

**PARTICIPACIÓN DO CONSELLO
NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA**

**ÓRGANOS DA NEGOCIACIÓN
COLECTIVA**

ESTRUTURA DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA

Dando cumprimento ao mandato da Lei reguladora, o Consello Galego de Relacións Laborais centrou unha gran parte da súa actividade na análise dos convenios colectivos vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

A área de estudos de negociación colectiva do Consello realizou ao longo de todo o ano un seguimento puntual dos convenios asinados e revisados en 2011, así como dos que tiveron efectos económicos nese ano. Ademais de atender ás solicitudes de información e múltiples consultas que en materia de negociación colectiva se dirixen ao Consello, consultas que se incrementaron considerablemente a raíz da posta en marcha da páxina web, continuouse co tratamento en profundidade da base de datos de negociación colectiva (Necol), e fixéronse os seguintes informes detallados sobre a materia:

- Informe sobre a negociación colectiva en Galicia do 01.01.2010 / 31.12.2010, que contén unha análise do acontecido na negociación colectiva no ano 2009.
- Capítulo 9 do *Informe sobre a Situación Sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia*, que contén unha análise do acontecido na negociación colectiva no ano 2010.
- Informe sobre a negociación colectiva en Galicia do 01.01.2011 / 31.12.2011. Este informe (en proceso de elaboración) contén unha análise do acontecido na negociación colectiva en Galicia no ano 2011.

- Continuación do estudo sobre o número de traballadores/as afectados por convenios colectivos de sector en Galicia coa adaptación á CNAE 2009.
- Ademais, ao longo do ano elaboráronse informes puntuais para informar ao Pleno e Comisión Permanente da situación da negociación colectiva.

No ano 2009 constituíuse o Observatorio Galego da Negociación Colectiva, con funcións de estudo e impulso da negociación colectiva así como de elaboración de propostas para a súa mellora.

Nas primeiras xuntanzas deste observatorio acordouse elaborar con carácter trimestral un boletín de negociación colectiva, no que se analiza a conxuntura laboral e a evolución da negociación colectiva e do que se realizaron oito números neste ano 2011.

- A continuación reflíctense os datos máis relevantes da negociación colectiva de 2011, datos provisionais que serán completados e ampliados no informe anual.

A 31 de decembro de 2011 existen en Galicia 830 convenios colectivos, dos que 126 son de sector e 704 de empresa. O número total que aparece recollido no cadro seguinte inclúe a totalidade de convenios que están vixentes no ano 2011, ben porque así o indica a vixencia



do propio convenio ou ben porque en virtude de prórroga tácita están en vigor ata que sexan substituídos por outro.

No total reflectido neste cadro inclúense tamén aqueles pactos de eficacia limitada e acordos reguladores dos que se ten coñecemento.

Estrutura global da negociación colectiva EN GALICIA con especificación do seu ámbito territorial. 31.12.2011

	C. AUTÓNOMA/ INTERPROVINCIAIS COMUNIDADE A.		A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL GALICIA	
	Nº	Taballad.	Nº	Taballad.	Nº	Taballad.	Nº	Taballad.	Nº	Taballad.	Nº	Taballad.
EMPRESA	46	23.046	241	16.816	73	5.402	66	4.159	278	32.057	704	81.480
SECTOT	19	27.526	31	140.966	23	25.884	21	30.587	32	122.028	126	346.991
Total	65	50.572	272	157.782	96	31.286	87	34.746	310	154.085	830	428.471

Durante o ano 2011 asináronse ou revisáronse 164 convenios (119 convenios asinados e 45 revisados). Os convenios asinados por primeira vez foron 17 (son todos de empresa).

Tendo en conta os convenios asinados en anos anteriores que teñen vixencia ata o ano 2011 ou posterior, o número de convenios colectivos con vixencia expresa para o ano 2011 é de 304 (60 de sector e 244 de empresa) e afectan a 261.557 traballadores/as.

O incremento salarial medio pactado nos 164 convenios asinados ou revisados no ano 2011 en Galicia foi do 2,82%, o máis baixo xunto co de 2010 dos últimos once anos. Este incremento é superior ao IPC real estatal (2,4%) e ao galego (2,5%).

No cálculo deste dato tivéronse en conta as cláusulas de revisión salarial que recollen o 36,97% dos convenios asinados e o 53,33% dos revisados. Sen ter en conta estas cláusulas de revisión o incremento salarial sería do 2,24%.

No cadro seguinte pódese apreciar o incremento nos convenios asinados e revisados de empresa e de sector total e por provincias.

Media ponderada do incremento salarial pactado.

	CONVENIOS ASINADOS SECTOR	CONVENIOS REVISADOS SECTOR	CONVENIOS ASINADOS EMPRESA	CONVENIOS REVISADOS EMPRESA	MEDIA TOTAL
A CORUÑA	2,40	3,43	1,98	3,26	2,64
LUGO	2,95	2,73	3,02	3,63	2,94
OURENSE	1,87	3,97	2,47		2,14
PONTEVEDRA	2,71	4,05	2,40	2,42	3,35
COMUNIDAD AUTÓNOMA/ INTERPROV. C.A.	2,62	2,99	1,63		2,29
Total Galicia	2,42	3,79	2,05	2,52	2,82




Respecto da xornada laboral indicar que dos 164 convenios asinados e revisados este ano, 102 fixana de xeito anual. A xornada media pactada nestes convenios para o ano 2011 foi de 1.753,10 horas.

No cadro seguinte pódese observar a evolución da xornada pactada no período 2001 – 2011

Evolucion da xornada media anual pactada nos convenios colectivos. Galicia. 2001 - 2011

	Convenios de empresa	Convenios de sector	Total convenios
2001	1.739,8	1.779,7	1.773,2
2002	1.707,8	1.768,8	1.761,7
2003	1.757,1	1.763,0	1.762,6
2004	1.728,4	1.766,4	1.762,7
2005	1.724,0	1.768,6	1.766,5
2006	1.742,2	1.765,5	1.764,0
2007	1.739,4	1.768,2	1.766,9
2008	1.697,2	1.762,9	1.755,3
2009	1.742,2	1.759,3	1.758,7
2010	1.731,9	1.773,5	1.769,3
2011	1.725,5	1.756,3	1.753,1



O cadro seguinte reflicte a evolución dos convenios asinados e revisados entre os anos 2003 e 2011 en Galicia.

Convenios asinados e revisados no período 2003 - 2011

	CONVENIOS ASINADOS			CONVENIOS REVISADOS			TOTAL ASINADOS E REVISADOS	
	Empresa	Sector	TOTAL	Empresa	Sector	TOTAL	Nº convenios	Nº traballad.
2003	146	51	197	21	28	49	246	283.706
2004	157	54	211	26	21	47	258	301.431
2003	168	50	218	21	33	54	272	300.621
2006	151	42	193	29	35	64	257	305.100
2007	154	41	195	26	29	55	250	367.234
2008	131	43	174	21	32	53	227	366.874
2009	131	30	161	29	44	73	234	352.936
2010	117	30	147	21	31	52	199	175.419
2011	93	26	119	20	25	45	164	205.075



PARTICIPACIÓN DO CONSELLO NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

MESAS NEGOCIADORAS E COMISIÓNS PARITARIAS

O artigo 3.2.c) da Lei 5/2008, do 12 de xullo, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais, establece como funcións deste, entre outras, a de fomentar e ampliar a negociación colectiva, dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva, consagrado no artigo 37.1º da Constitución, e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.

O Consello, consciente da necesidade de impulsar a negociación colectiva en todos os ámbitos en que as partes interesadas o desexen e, moi especialmente, en sectores desregularizados, potenciou, asesorou e prestou asistencia técnica e apoio a cantas comisións negociadoras e comisións paritarias o solicitaron, ata totalizarse 63 xuntanzas desenvolvidas no Consello ao marxe da intervención do AGA.

Así mesmo, fixéronse os trámites de rexistro telemático de 17 convenios colectivos e de 8 denuncias de convenio por delegación doutras tantas comisións negociadoras.

Sinatura do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres

A mesa negociadora reuniuse en varias ocasións durante o 2011. Finalmente, asinou-se

o convenio o 12 de xaneiro de 2012. A fluidez e o bo clima negociador foi a nota característica de todo o proceso.

Xuntanzas das comisións paritarias

O Consello prestou asistencia técnica e apoio ás comisións paritarias dos convenios colectivos autonómicos dos seguintes sectores: axuda a domicilio; transporte de persoas enfermas e accidentadas en ambulancia na Comunidade Autónoma de Galicia; empresas organizadoras do xogo do bingo, que acadaron un acordo marco sectorial o 14 de novembro de 2011; transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña; residencias privadas da terceira idade; actores e actrices de teatro; centros especiais de emprego; e instalacións deportivas.

RECOMENDACIÓN DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS PARA A NEGOCIACIÓN COLECTIVA DE 2011

O Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, reunido en sesión ordinaria o día 15 de febreiro de 2011, e partindo da importancia da negociación colectiva como elemento esencial das relacións laborais, fonte de dereitos e obrigas, instrumento de paz social, estabilidade no emprego, produtividade e cohesión social, acordou por unanimidade das



organizacións nel representadas (CEG, UGT-Galicia, CIG e S.N. de CC.OO. de Galicia), formular a seguinte recomendación:

- 1.- Atendendo ás características e autonomía propias de cada proceso negociador, procurarase a maior axilidade na constitución e desenvolvemento das mesas de negociación correspondentes ao ano en curso, con prazos concretos para as súas xuntanzas e sen dilacións excesivas por ningunha das partes sen causa que as xustifique.
- 2.- Diante de situacións de bloqueo ou paralización dos procesos de negociación, os mecanismos de mediación e arbitraje previstos no Acordo Galego de solución extraxudicial de Conflitos (AGA) están a disposición das mesas negociadoras, como instrumentos axeitados na procura de solucións rápidas e eficaces para as dúas partes. Os formularios de solicitude dunha mediación ou dunha arbitraje atópanse na páxina web do Consello http://cgri.xunta.es/g_aga.asp
- 3.- Os convenios colectivos deberían recoller cláusulas alusivas ao AGA. Sinaladamente, e conforme ao artigo 85.3 do Estatuto dos Traballadores (contido mínimo), os instrumentos de mediación e arbitraje do AGA son axeitados para resolver as discrepancias na negociación de acordos en materia de mobilidade xeográfica, mo-

dificación substancial de condicións de traballo e inaplicación salarial.

- 4.- O Consello Galego de Relacións Laborais prestará canto apoio técnico-xurídico se solicite para a axeitada redacción e legalidade dos acordos acadados. Así mesmo, no caso de convenios sectoriais, facilitará os trámites telemáticos de rexistro e publicación, previa delegación expresa na acta de sinatura.
- 5.- En materia de igualdade e non discriminación funciona no Consello a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, con competencia para o asesoramento, cando así se solicite, sobre a redacción e a aplicación de cláusulas que promovan a igualdade entre mulleres e homes ou removan discriminacións directas ou indirectas por razón de xénero.
- 6.- O Consello seguirá a elaborar os boletíns de negociación colectiva e o informe anual da negociación colectiva, do mesmo xeito que seguirá ofrecendo na súa páxina web o texto de todos os convenios colectivos vixentes en Galicia. A estes efectos, faise fincapé na necesidade de cumprimentar as follas estatísticas coa maior veracidade posible achegando estas á realidade do contido no texto e nos seus ámbitos de actuación.



Visita ao Consello de alumnos e alumnas da Universidade de Vigo

ÓRGANOS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

OBSERVATORIO GALEGO DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

A intervención do Consello no día a día da negociación colectiva galega ten cada día unha maior preponderancia. Conscientes de que a negociación colectiva é o instrumento esencial para autorregular as condicións de traballo que teñen as empresas e as persoas traballadoras, constituíuse no ano 2009 o Observatorio Galego da Negociación Colectiva.

Durante o ano 2011 o observatorio celebra catro xuntanzas.

Xuntanza do 21 de febreiro. Considérase de moi difícil execución o estudo acordado en anteriores xuntanzas. Proponse a elaboración dun estudo sobre o tempo de traballo e o emprego na negociación colectiva galega que realizarían os catedráticos de Dereito do Traballo Jaime Cabeza Pereiro e Javier Gárate Castro.

Xuntanza do 14 de marzo. Acórdase que para a elaboración do estudo se teña en conta o último e o antepenúltimo convenio sectorial de todos os sectores e algún significativo convenio de empresa que aporte novidades respecto destas materias. O estudo elaborárase durante 2011 e presentárase no último pleno do ano.

Xuntanza do 8 de xuño. Acórdase a aprobación do informe sobre a negociación colectiva en Galicia correspondente a 2010.

Xuntanza do 7 de xullo. Entre outros asuntos, o presidente propón que o Consello modifique o regulamento de funcionamento do observatorio e estenda as súas funcións, establecendo unha nova: emitir ditames para determinar o convenio colectivo aplicable en caso de dúbida das partes negociadoras.

Así mesmo, o presidente da conta dunha serie de recomendacións en distintas materias (igualdade de xénero, xestión do tempo das persoas traballadoras, sometemento ao sistema de solución extraxudicial de conflitos e guías de negociación colectiva), dirixidas ás partes negociadoras.

Xuntanza do 7 de xullo. Analízase unha proposta da Comisión Permanente sobre un acordo marco para mellorar a estrutura da negociación colectiva en Galicia e acórdase que as tres organizacións sindicais con representación no Consello elaboren un documento para empezar a traballar, que remitirán á CEG.



COMISIÓN CONSULTIVA AUTONÓMICA PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

No ano 2009 constitúese no seo do Consello a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, cunha finalidade moi clara: o asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega.

Ao longo do ano 2011 a comisión para a igualdade reuniuse en catro ocasións.

Xuntanza do 31 de xaneiro. Dáse conta dos informes emitidos polo Servizo de Igualdade Laboral da Consellería de Traballo e Benestar, nos que se revisan desde una perspectiva de xénero os convenios colectivos rexistrados, observándose que non aparecen nestes cláusulas discriminatorias senón basicamente unha carencia de cláusulas en materia de xénero.

Acórdase así mesmo estudar a posibilidade de realizar unha xornada sobre igualdade así como achegar posicións para a elaboración da guía de boas prácticas na negociación colectiva desde unha perspectiva de xénero.

Xuntanza do 11 de marzo. Séguese a debater sobre a guía de boas prácticas. Acórdase que a xornada sobre igualdade terá lugar en xuño e levará por título “A negociación colectiva en clave de igualdade”.

Xuntanza do 6 de abril. Sobre a guía de boas prácticas, entrégase un documento para que se presente á consulta interna no seo das organizacións.

Acórdase un novo título para a xornada sobre igualdade: “As claves da igualdade na negociación colectiva e na responsabilidade social empresarial (RSE)”.

Xuntanza do 27 de maio. Apróbase o documento de boas prácticas en materia de negociación colectiva.

Polo seu interese, reproducimos a continuación o contido da guía, que foi editada en forma de folleto en setembro deste ano:

A negociación colectiva é o espazo natural do exercicio da autonomía colectiva das organizacións empresariais e sindicais e o ámbito apropiado para facilitar a capacidade de adaptación das empresas, fixar as condicións de traballo e os modelos que permitan mellorar a produtividade, crear máis riqueza, aumentar o emprego e mellorar a súa calidade, así como establecer condicións de traballo que fagan compatible a corresponsabilidade e a conciliación laboral, persoal e familiar, tendo en conta as posibilidades abertas á negociación colectiva en materia de xornada e o recurso a fórmulas flexibles de xestión do tempo de traballo, e contribuír á cohesión social.

A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, fomenta no seu articulado o papel da negociación colectiva na prevención e regulación de medidas para evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes, e na regulación das condicións de traballo.

O establecemento de criterios e orientacións para acometer os procesos de negociación colectiva é evidente que contribuíu a afrontar en mellores condicións os procesos de cambio e adaptación á nova realidade socioeconómica na que está inmerso o noso actual modelo social. Cambios que promovan a calidade do emprego e melloren a competitividade das empresas galegas.

Neste sentido, o establecemento destas pautas e recomendacións ten por finalidade servir de instrumento de información ás comisións negociadoras dos convenios colectivos co fin de ofrecer unhas orientacións que contribúan a mellorar os contidos e a calidade da negociación colectiva.

Estas recomendacións pretenden contribuír á efectiva aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades na regulación do acceso e das condicións de traballo das persoas traballadoras.

Estas pautas de boas prácticas poderíanse instrumentar, tras gardar sempre un absoluto respecto á autonomía de negociación das partes, a título exemplificativo, nas seguintes que se apuntan.

1. Principio de igualdade de trato

Tal e como establecen os artigos 3 e 5 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo e o artigo 3 da Lei galega 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, con carácter xeral establécese a obriga de respectar o principio de igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e, con esta finalidade, con-



sidérase o deber de adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre as mulleres e os homes.

Así, procurárase esgotar as posibilidades que a lei concede en orde para alcanzar un nivel efectivo de igualdade de trato e de oportunidades, tras ter en conta que as posibles excepcións á aplicación do principio de igualdade esixen que a diferenza de trato resulte obxectivamente xustificada, e que exista unha relación de proporcionalidade entre a medida adoptada, o resultado producido e a finalidade que se pretende, con criterios de razoabilidade ou xuízos de valor xeralmente aceptados.

A Lei orgánica 3/2007 establece, no artigo 45, a obriga, xenérica e dirixida a todas as empresas, de adoptar medidas que eviten todo tipo de discriminación entre as persoas que forman parte do persoal da empresa e en particular a evitación de discriminacións correspondentes á retribución, promoción profesional, formación profesional, clasificación e valoración de postos.

1.1. Retribución

A negociación colectiva terá en conta o criterio da subsanación das diferenzas retributivas que puideran existir por unha inadecuada aplicación do principio de igualdade de retribución por traballos de igual valor.

1.2. Promoción da igualdade real nos sistemas de clasificación profesional e valoración de postos. Promoción e formación profesional.

Os convenios colectivos deberían establecer sistemas de clasificación profesional e valoración de postos de traballo asentados en criterios obxectivos e neutros entre as persoas traballadoras.

De igual modo poderanse establecer, tendo en conta as necesidades de incremento da produtividade e competitividade da empresa, medidas de acción positiva para facilitar o acceso das mulleres a aquelas categorías profesionais nas que se atopan subrepresentadas.

2. Utilización dunha linguaxe non discriminatoria

Os convenios procurarán respectar a utilización dunha linguaxe non sexista así como a correcta adecuación dos seus contidos á normativa vixente nesta materia.

Neste sentido promoverase a utilización de expresións neutras que poidan englobar os dous sexos.

3. Selección e contratación

Sería conveniente ter en conta o criterio xeral do estudo e, de ser o caso, establecemento de

sistemas de selección sobre a base de criterios técnicos, obxectivos e neutros por razón de xénero.

Tamén poderán establecerse medidas de acción positiva tendentes ao equilibrio de cadros de persoal, incorporando a persoas do sexo menos representado en condicións de igualdade e idoneidade e valorando as necesidades da empresa en canto ao incremento da produtividade e competitividade desta.

4. Conciliación da vida persoal e laboral

Co fin de fomentar a corresponsabilidade de mulleres e homes na asunción das responsabilidades familiares, a negociación colectiva debería facilitar o exercicio dos dereitos de conciliación da vida laboral e familiar indistintamente ás persoas traballadoras.

Desde esta perspectiva, os convenios colectivos poden desenvolver unha tarefa fundamental para garantir a efectiva conciliación da vida persoal e laboral das persoas traballadoras en equilibrio coas necesidades organizativas da empresa en canto á súa adaptación á demanda, mediante medidas de flexibilización da xornada e do horario de traballo, respectando os dereitos individuais recollidos nesta materia pola Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e con vocación de mellora respecto das condicións recollidas no texto normativo, que han de ser compatibles cos obxectivos de competitividade e eficacia de toda actividade empresarial.

5. Violencia de xénero

Os convenios colectivos, de acordo co artigo 37.7 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, poden establecer a concreción do exercicio do dereito da traballadora vítima da violencia de xénero á redución da súa xornada de traballo ou á reordenación do seu tempo de traballo, de estar isto xustificado.

Estes dereitos veñen recollidos na Lei orgánica 1/2004 de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Ao regular a materia de mobilidade xeográfica, os convenios colectivos deberían prever ese dereito que teñen as mulleres traballadoras vítimas de violencia de xénero que se vexan obrigadas a abandonar o seu posto de traballo na localidade na que prestaban os seus servizos para ocupar outro posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente que a empresa teña vacante en calquera outro dos seus centros de traballo.

Esta regulación debe compatibilizarse con sistemas voluntarios de mobilidade xeográfica que po-



derían supoñer unha forma de facer efectivo este dereito e, tras concilialo coas necesidades da empresa, de mantemento de equipos equilibrados.

6. Plans de igualdade

A Lei orgánica 3/2007 establece, no artigo 45, a obriga, xenérica e dirixida a todas as empresas de adoptar medidas que eviten todo tipo de discriminación entre as persoas que forman parte do persoal da empresa. Tamén establece a obrigatoriedade de negociar coa representación legal das persoas traballadoras un plan de igualdade naquelas empresa con cadros de persoal de máis de 250 traballadores e traballadoras. No resto das empresas é voluntario.

No caso das empresas que non estean obrigadas a aplicar tales plans, a súa previsión nos convenios colectivos, en caso de realizarse, debe sempre recordar **esa voluntariedade**, de tal modo que a súa elaboración parta sempre dunha acción libre e consensuada pola comisión negociadora.

É importante ter en conta que a elaboración destes plans de igualdade va precedida, en todo caso, dun diagnóstico de situación, cuxa elaboración corresponde á empresa.

Para os efectos do tratamento dos plans de igualdade nos convenios colectivos, convén resaltar as recomendacións concretadas no **Anexo I** desta guía.

7. Acoso

A Lei orgánica 3/2007 recolle a obriga de promover condicións de traballo que eviten o acoso sexual e o acoso por razón de sexo e arbitrar procedementos específicos para a súa prevención e denuncia, polo que se considera necesario establecer unha serie de medidas que dean canle a unha necesaria prevención destas situacións, tendo en conta as circunstancias concretas de cada empresa, así como a redacción de protocolos ou procedementos de actuación para a prevención, investigación e tratamento dos casos de acoso que podan producirse.

Así, os convenios colectivos deberían incorporar aos seus textos as definicións de acoso profesional, sexual e acoso por razón de sexo, recollidas na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo e na Lei galega 2/2007, do 28 de marzo.

8. Réxime sancionador

Como sistema para cerrar os instrumentos negociables adóitase incluír o réxime sancionador, sistema de reprobación fronte a incumprimentos das persoas traballadoras dos seus deberes laborais.

Co fin de facer efectivo o principio de igualdade na empresa e evitar calquera tipo de discriminación por razón de xénero, dentro da descrición de tipos de infraccións e das correspondentes sancións que impoñer, débense tipificar aquelas condutas que atenten a tal principio de igualdade, tales como o acoso sexual, o menosprezo de persoas compañeiras traballadoras baseado no sexo, etc., e establecer para os efectos tipos agravados coas correspondentes sancións e iso non só co fin de dar seguridade xurídica senón tamén pola fundamental función pedagóxica que o convenio colectivo ten para regular as relacións internas da empresa.

ANEXO I

RECOMENDACIÓNS PARA A NEGOCIACIÓN DOS PLANS DE IGUALDADE

Para os efectos do tratamento dos plans de igualdade nos convenios colectivos convén resaltar de entrada algúns **extremos de interese**:

- O deber de negociar o plan de igualdade formalizárase no marco do convenio colectivo **de empresa** cando tal sexa o ámbito da negociación.
- Cando o convenio colectivo de aplicación sexa **de ámbito superior ao de empresa**, o convenio establecerá os **termos e as condicións tras fixar as regras de complementariedade** para que a negociación do plan e, no seu caso, do acordo se desenvolva **na empresa** que estea obrigada a iso.

O plan de igualdade non ten necesariamente que formar parte do convenio colectivo.

As empresas obrigadas a negociar un plan de igualdade son aquelas cuxo cadro de persoal estea formado por máis de 250 persoas traballadoras, aquelas nas que o convenio colectivo de aplicación así o preveña ou cando o acorde a autoridade laboral (artigo 45.4 da Lei orgánica 3/2007).

Antes da elaboración do plan de igualdade a empresa realizará un **diagnóstico de situación**.

O plan de igualdade **elaborarase no ámbito da empresa** e os convenios colectivos de ámbito superior non deberían realizar diagnósticos de situación sectoriais ou de corte similar nin tampouco elaborar os plans de igualdade das empresas incluídas no seu ámbito de aplicación, por non ser apropiado ás previsións legais.

Tal e como indica o artigo 46 da Lei orgánica 3/2007, os plans de igualdade han fixar:

- Os concretos obxectivos de igualdade que alcanzar para cuxa consecución os plans de



igualdade poderán considerar, entre outras, as seguintes materias: acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción e formación, retribucións, ordenación do tempo de traballo para favorecer a conciliación laboral, persoal e familiar e prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo.

- As estratexias e as prácticas, medidas concretas, que adoptar para a súa consecución.
- O establecemento de sistemas eficaces de seguimento e a avaliación das medidas acordadas en base aos obxectivos fixados.

En canto á vixencia dos plans de igualdade, a lei non considera ningunha previsión, polo que existe liberdade á hora de definila.

- O sentido común e a lóxica recollida na maioría dos plans de igualdade asinados ata o momento, nos din que se deben de establecer tempos axeitados a cada unha das medidas aprobadas, é dicir, en función das posibilidades reais de concreción das medidas, establecendo así os tempos de revisión e avaliación de cada medida.
- En todo caso, e dado que existe unha obriga de avaliar os resultados do plan de igualdade, convén fixar unha vixencia expresa, tendo en conta que unha vez se supere, tan só debe-

rán ter continuidade aquelas medidas que non acadaran a súa consecución ou as novas que se determinen en función dos resultados.

Por último, e xa que a Lei orgánica 3/2007, non concreta os extremos da elaboración dun plan de igualdade, considéranse, como liñas específicas da negociación, as seguintes fases:

- Elaboración de **diagnóstico de partida**, consistente nunha análise detallada da situación sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na empresa durante o cal se realizan, sucesivamente, actividades de recollida de información e de análise.
- **Programación**, establecendo unha serie de cuestións como: a planificación, os obxectivos, accións, persoas destinatarias, recursos, calendario, criterios de avaliación...
- **Implantación**, supoñendo a realización e execución das accións previstas no plan de igualdade.
- **Avaliación**, estrutura en tres eixes: avaliación **de resultados** (co fin de coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos); avaliación **de proceso** (pola que se determinará o grao de desenvolvemento das accións emprendidas) e, avaliación **de impacto** (constatándose o cambio na cultura da empresa).



Xuntanza da Comisión Consultiva de Igualdade



CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS

**XXII CURSO SUPERIOR DE
RELACIÓNS LABORAIS**

XORNADAS 2011

**SEMINARIOS PARA CADROS DAS
ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS
E SINDICAIS**

XXII CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS

Dado o carácter bianual deste curso, en 2011 clausurouse a súa vixésima primeira edición. O acto tivo lugar o 9 de xuño no salón de graos do colexio de San Xerome. M^a Emilia Casas Baamonde, catedrática de Dereito do Traballo da Universidade Complutense de Madrid, deu a lección de clausura, que tivo como título “Estado social e democrático de dereito e reformas laborais”. No acto tamén interviñeron o presidente do Consello Demetrio Fernández López; o secretario xeral do S.N. de CC.OO. de Galicia

Xosé Manuel Sánchez Aguión; o secretario confederal de Institucional da CIG Manuel Currás Meira; o secretario de Innovación, Industria e Desenvolvemento da UGT-Galicia José Carlos Rodríguez del Río; o secretario xeral da CEG Fausto Santamarina Fernández; a vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade da Universidade de Santiago de Compostela; e o catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago Javier Gárate Castro, director do curso.



Clausura da XXI edición do Curso Superior de Relacións Laborais



O 30 de setembro de 2011 o presidente do Consello e o reitor da Universidade de Santiago de Compostela asinan un novo convenio de colaboración entre ambas institucións que ten por obxecto a realización dunha nova edición, a vixésimo segunda.

Esta nova edición inaugurouse o 11 de novembro de 2011 e asistiron ao acto, celebrado no Salón Nobre do Pazo de Fonseca, o presidente do Consello Demetrio Fernández López; o reitor da Universidade de Santiago de Compostela Juan J. Casares Long; e o director do curso Javier Gárate Castro. Tamén asistiron os catedráticos eméritos de Dereito do Traballo e da Seguridade Social Efrén Borrajo Dacruz e Luis Enrique de la Villa Gil, que deron comezo ao curso.

Obxectivos:

Cubrir a demanda da sociedade galega de ensinanzas do máis alto nivel no eido das relacións laborais así como promover, nun mercado cada vez máis competitivo, a adaptación da xestión das empresas ao novo estilo de dirección de persoal que marca a política de

recursos humanos, analizando os cambios que se veñen producindo na lexislación laboral e que afectan, ademais de ao mercado de traballo, á negociación colectiva, á representación dos traballadores na empresa, á seguridade social e á seguridade e saúde no traballo, sen esquecer a incidencia que na nosa lexislación está a ter o dereito social da Unión Europea.

Destinatarios:

Diríxese o curso, principalmente, a cantos pretenden unha formación e/ou actualización nas materias laborais en xeral, e é especialmente axeitado para licenciadas e licenciados en dereito, ciencias económicas e empresariais; diplomadas e diplomados en relacións laborais; responsables de recursos humanos e de relacións laborais, asesoras e asesores e cadros das organizacións empresariais e sindicais, etc.

Desenvolvemento:

Cunha duración de 220 horas, o curso estase a desenvolver na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, en



Inauguración da XXII edición do Curso Superior de Relacións Laborais



horario de tarde. Asisten 39 persoas. O acto de clausura está previsto para o día 15 de xuño de 2012, en nel se prevé a participación M^a Emilia Casas Baamonde.

Contido:

A estruturación do curso fíxose en módulos nos que se tratarán os seguintes temas: política e xestión integrada dos recursos humanos; relación individual de traballo; relacións colectivas de traballo; dereito administrativo do traballo, saúde laboral e dereito penal do traballo; seguridade social e dereito social da Unión Europea.

O equipo docente está composto por profesorado das diferentes universidades españolas, así como por profesionais da xudicatura, a avogacía, a Administración e a xestión de recursos humanos.

Está previsto que as alumnas e os alumnos do curso participen nun “taller de negociación colectiva”. Ademais, realizarán visitas ás instalacións de empresas significativas desta comunidade autónoma.

A participación institucional do Consello neste curso superior consistirá en diversas mesas redondas; nunha delas, presentarase polos seus autores o informe sobre a situación sociolaboral da nosa comunidade en 2010; na outra, contarase coa intervención dunha representación das organizacións empresarial e sindicais que integran o Consello.

Dirixe o curso, como ven sendo habitual, o catedrático de Dereito do Traballo da Universidade de Santiago, Javier Gárate Castro. A coordinación técnica levouna a cabo a funcionaria do Consello M^a Jesús Díaz Lorenzana, en calidade de secretaria técnica do curso.



XORNADAS 2011

Actividade:

**Xornada sobre a reforma da
Seguridade Social**

Lugar e data: Santiago de Compostela, 28
de febreiro

Nº de participantes: 85

O sistema de seguridade social constitúe un elemento básico do estado do benestar, que interesa mellorar, fortalecer e garantir de cara ao futuro.

Nesta xornada abordouse a reforma do sistema desde un enfoque práctico, realista e exhaustivo, recollendo unha primeira visión desde o dereito do traballo, os axentes sociais, a seguridade social e a inspección de traballo.



Xornada sobre a reforma da S.S. celebrada en Santiago de Compostela





Xornada en Ourense

Actividade:**Xornada sobre os cambios normativos nas relacións laborais**

Lugar e data: Ourense, 30 de maio
Nº de participantes: 45

Nesta xornada, organizada polo Consello Galego de Relacións Laborais e o Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, analizáronse e debatéronse os efectos que se producirán sobre o sistema de seguridade social logo do acordo acadado para a súa reforma, incidindo en aspectos como a idade de xubilación, o período de cómputo para o cálculo da prestación ou a cotización das persoas mozas, entre outros moitos aspectos. Igualmente, expertos en relacións laborais analizaron a reforma da negociación colectiva e se esta suporá un desenvolvemento ou unha restrición da recente reforma laboral.

Actividade:**Xornada sobre as claves da igualdade na negociación colectiva e na responsabilidade social empresarial (RSE)**

Lugar e data: Santiago de Compostela, 16 de xuño
Nº de participantes: 75

O Consello Galego de Relacións Laborais, a proposta da Comisión Consultiva Autónoma para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, acordou a celebración desta xornada co obxectivo de analizar, por un lado, a incorporación do principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes á negociación colectiva e, por outro, a integración da igualdade de xénero nas políticas de responsabilidade social das empresas (RSE).



Xornada sobre igualdade celebrada en Santiago de Compostela



Nesta xornada tratouse de dar resposta a preguntas tales como se creceu o número de convenios colectivos que introducen no seu articulado cláusulas sobre igualdade, se é posible que as empresas voluntariamente acorden coa representación das traballadoras e traballadores accións de RSE consistentes en medidas laborais para promover condicións de igualdade entre as mulleres e os homes no seo da empresa, como valoran a implantación do principio de igualdade nas relacións laborais as organizacións sindicais e empresarial máis representativas en Galicia ou a que novos retos se enfronta hoxe o mundo das relacións laborais en materia de igualdade.

Actividade:

Xornada sobre as medidas urxentes para a reforma da negociación colectiva

Lugar e data: Pontevedra, 30 de xuño

Nº de participantes: 96

Nesta xornada, organizada polo Consello Galego de Relacións Laborais e o Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra tras a publicación do Real decreto-lei 7/2011, do 10 de xuño, de medidas urxentes para a reforma da negociación colectiva, debateuse se esta é a reforma que precisabamos ou se foi demasiado lonxe na súa versión final.

Igualmente, expertos en relacións laborais analizaron, entre outras cuestións, se é unha reforma necesaria, se mellorará a articulación dos convenios ou se introduce realmente parámetros de flexibilidade.



Xornada en Pontevedra



Actividade:

Xornada sobre as últimas reformas a debate: a Lei 35/2010 e o Real decreto-lei 10/2011. Efectos na realidade laboral

Lugar e data: A Coruña, 3 de outubro

Nº de participantes: 99

Nesta xornada, organizada en colaboración co Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, analizáronse e debatéronse os efectos das últimas reformas laborais trala aprobación do Real decreto-lei 10/2011 de medidas urxentes de promoción do emprego, fomento da estabilidade e recualificación profesional e que ven a afondar na senda da Lei 35/2010, da reforma da Seguridade Social ou da reforma da negociación colectiva.



Xornada na Coruña



Asistentes á xornada da Coruña





Xornada en Lugo

Actividade:

Xornadas sobre a nova lei reguladora da xurisdición social: exame a fondo

Lugar e data: Lugo, 10 de novembro

Nº de participantes: 134

Esta xornada, organizada en colaboración coa Escola Universitaria de Relacións Laborais e o Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo, centrouse na análise da Lei 36/2011, reguladora da xurisdición social e nela debateuse sobre cuestións como a contribución desta nova lei á efectividade, coordinación e seguridade da resposta xudicial, así como a garantir un servizo público da xustiza áxil, transparente, responsable e determinante do progreso social e económico.

Actividade:

Xornadas sobre as últimas reformas laborais a debate

Lugar e data: Ferrol, 30 de novembro

Nº de participantes: 103

Esta xornada, organizada en colaboración coa Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña, céntrase na nova reforma laboral aprobada mediante o Real decreto-lei 10/2011, do 26 de agosto, de medidas urxentes para a promoción do emprego dos mozos e mozas, o fomento da estabilidade no emprego e o mantemento do programa de recualificación profesional das persoas que agoten a súa protección por desemprego. Regúlase un novo contrato para



Xornada en Ferrol



a formación e a aprendizaxe e suspéndese a aplicación do artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores respecto ao encadeamento de contratos temporais, é dicir, suprímese a obrigatoriedade de facer fixos despois de dous anos ás persoas traballadoras que teñan un contrato temporal.

Esta reforma, unida ás levadas a cabo pola Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo e polo Real decreto-lei 7/2011, do 10 de xuño, de medidas urxentes para a reforma da negociación colectiva, supón unha transformación das relacións laborais, polo que compría que fose analizada con detalle.

Actividade:

Xornadas sobre a nova lei da xurisdición social e o AGA de conflitos individuais

Lugar e data: Vigo, 1 e 2 de decembro

Nº de participantes: 92

O Consello Galego de Relacións Laborais en colaboración coa Universidade de Vigo, a través do seu departamento de Dereito do Traballo, acordou a realización destas xornadas, nas que se analizou con detalle a recente reforma laboral e o AGA de conflitos individuais.

Ao longo de dous días afondouse na Lei 36/2011, reguladora da xurisdición social, e no novo texto regulador da solución extraxudicial de conflitos individuais en Galicia, que o Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais ven de aprobar e que previsiblemente entrará en funcionamento no ano 2013.



Xornada en Vigo



SEMINARIOS PARA CADROS DAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS

O Pleno do Consello segue considerando necesario contribuír á formación técnica e á especialización dos cadros das organizacións sindicais e empresariais, tanto no que se refire á negociación colectiva, co obxecto de facilitar esta o máis posible, como en referencia a outros temas que as propias organizacións consideren de interese nun momento concreto. Por este motivo acordouse seguir coa realización destes cursos.

A continuación faise un breve resumo destas actividades.

Actividade:

Seminario sobre dirección de equipos e reunións eficaces

Lugar e data: A Toxa, 7 e 8 de abril

Nº de participantes: 25 participantes designados polos sindicatos e a CEG

O obxectivo deste seminario era aplicar principios e técnicas básicas para a dirección de equipos, así como capacitar no uso de ferramentas e sistemas persoais que sirvan de apoio a unha xestión eficaz das reunións de traballo.



Asistentes do seminario sobre dirección de equipos e reunións eficaces



Impartiu o seminario Ana M^o Rodríguez Couso, licenciada en psicoloxía e técnico de formación. Durante anos exerceu como docente e experta docente, impartindo cursos de dirección de equipos e habilidades de comunicación para persoas traballadoras en activo.

laude polos seus estudos en relacións internacionais e ciencias políticas. Na actualidade colabora con universidades, colexios de avogados, colexios de graduados sociais, colexios de psicólogos, asociacións e organismos públicos no deseño de programas, na docencia sobre resolución de conflitos e no entrenamiento de mediadores.

Actividade:

Seminario sobre mediación avanzada en conflitos individuais

Lugar e data: Santiago de Compostela, 22 e 23 de setembro

Nº de participantes: 26 participantes designados polos sindicatos e a CEG

O obxectivo deste seminario era facilitar ás persoas participantes o coñecemento de ferramentas útiles e dotas das técnicas e as estratexias necesarias para promover unha negociación eficaz na mediación dos conflitos individuais.

Impartiu o seminario Thelma Butts Griggs, que dedica o seu traballo á resolución de conflitos. É Juris Doctor, licenciada en dereito pola Ohio State University, onde tamén recibiu a condecoración de honra *summa cum*



Asistentes do seminario sobre mediación avanzada en conflitos individuais



PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E ESTUDOS

**REVISTA GALEGA DE DEREITO
SOCIAL**

**INFORME SOBRE A SITUACIÓN
SOCIOLABORAL DE GALICIA EN
2010**

**ESTUDOS E INFORMES DE
INICIATIVA PROPIA**

**ESTUDOS COMPARATIVOS DE
CONVENIOS COLECTIVOS**

REVISTA GALEGA DE DEREITO SOCIAL

A principios dos anos 90 a recente creación dos tribunais superiores de xustiza das comunidades autónomas facía necesario un instrumento que recollese, entre outras materias, as sentencias emitidas polas salas do Social dos devanditos tribunais. Esta foi a principal razón de que o Consello asumise en 1991 a tarefa de crear unha publicación de dereito laboral que prestase servizo a todos aqueles profesionais que desenvolven a súa actividade no eido das relacións laborais: administracións públicas, sindicatos, empresas, xuíces do social, inspectores de traballo, avogados, fiscais, graduados sociais, etc. Unha publicación semellante só tiña un precedente coñecido na editada polo Consell Valencià de Relacions Laborals, se ben esta se limitaba a reflectir a doutrina do Tribunal Superior de Xustiza desa comunidade.

O proxecto emprendido polo Consello contemplaba recoller unha selección, sistematizada por conceptos, da doutrina da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), así como puntuais referencias a sentenzas significativas da Sala do Social do Tribunal Contencioso-Administrativo. Ademais, contemplábase a inclusión dunha reseña dos artigos e monografías de natureza laboral aparecidos nas diferentes revistas especializadas, así como comentarios doutrinais de sentencias da Sala do Social e de temas xerais de actualidade e interese. Tamén incluíriase a relación de

todos os convenios colectivos negociados no período de referencia e das normas con contido social do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Finalmente a revista debía reflectir estatísticas diversas sobre a negociación colectiva.

O primeiro número da *Revista Galega de Dereito Social* foi presentado aos medios de comunicación o 17 de decembro de 1991. O financiamento da publicación realizaríase de maneira conxunta polo Consello Galego de Relacións Laborais e a dirección xeral competente en materia de relacións laborais. A tirada inicial era de 1.300 exemplares e a periodicidade cuadrimestral: tres volumes anuais e un cuarto volume cos índices. A partir das revistas de 1993 pasou a ter periodicidade semestral e introducíronse sentenzas da Sala do Tribunal Contencioso-Administrativo, así como todas as referencias á normativa da Unión Europea en materia laboral. Por outra parte, ese mesmo ano, decidiuse substituír a información estatística sobre negociación colectiva pola que se elabora na área de negociación do Consello.

En 2002, o Pleno do Consello, a proposta do seu novo presidente Demetrio Fernández López, aprobou por unanimidade a remodelación dos contidos da revista: supresión daquelas sentencias que se repetían, facendo delas unha simple referencia, introdución de notas e comentarios a algunha das sentencias que



se recollían integramente, así como transcripción de sentencias relativas á xurisprudencia da UE.

A última revista desta primeira etapa foi editada en 2007, logo de 16 anos de existencia. A razón de que deixara de publicarse respondía á necesidade de adecuación aos tempos dunha publicación que fora quedando obsoleta.

Desde esa data o Consello estivo a traballar na modificación da revista, co obxecto de facela máis manexable, rápida e axeitada na súa configuración, axustándoa aos criterios de calidade editorial (Latindex) definidos polo Instituto de Estudos Documentais sobre Ciencia e Tecnoloxía do CSIC e adaptando os contidos materiais da revista.

No último Pleno de 2011 aprobouse a nova revista, que se editará de xeito dixital e con carácter semestral, e estará estruturada en catro apartados:

1. Monografías
2. Negociación Colectiva e AGA
3. Sentenzas do TSXG comentadas
4. Normas ditadas nese semestre en Galicia.

Está prevista a publicación dos dous primeiros números no ano 2012.



INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA EN 2010

Cumprindo o mandato previsto na súa lei reguladora o Consello dá conta anualmente da situación sociolaboral da nosa comunidade a través dun exhaustivo informe, que se ven publicando desde hai 19 anos.

O Pleno do Consello, na súa primeira xuntanza do ano, aprobou a elaboración do Informe 2010, contando para iso co seguinte equipo: Francisco Carballal Lugrís, letrado da Xunta de Galicia; Carlos Domenech de Aspe, inspector de Traballo e Seguridade Social; Marta Puebla Vilariño, funcionaria do INEM; Manuel Roca Cendán, catedrático de Tecnoloxía Administrativa; e Francisco Veloso Cermeño, interventor da Seguridade Social. Carmen Cabanas Carlín, funcionaria do Consello, elaborou o capítulo sobre a negociación colectiva galega. Da coordinación técnica e informática encargouse Ignacio Bouzada Gil, tamén funcionario do organismo. A súa publicación aprobouse en sesión plenaria o 9 de setembro.

O informe estrutúrase en 14 capítulos e un anexo, distribuídos da seguinte maneira:

1. A economía galega no ano 2010
2. Estrutura empresarial e política industrial
3. Economía social
4. Poboación e mercado de traballo
5. A muller no mundo laboral
6. Inicio da relación laboral

7. Contratación
8. O subsistema de formación profesional para o emprego
9. A negociación colectiva
10. A sinistralidade laboral
11. Conflitividade e medios de solución dos conflitos de traballo
12. A regulación de emprego e o Fondo de Garantía Salarial
13. Protección social
14. Elección sindicais

O anexo céntrase, de xeito puramente estatístico, en emprego e investimento público.

O Informe finaliza coas **conclusións** do equipo autor, que reproducimos a continuación, xa que resumen o máis salientable da situación sociolaboral galega en 2010:

Primeira.- O crecemento económico galego en 2010 foi dun 0,1%. O dato mellorou o estatal (diminución dun 0,1%). Ampliouse o diferencial coa Unión Europea, nun ano no que ningunha comunidade autónoma chegou ao crecemento económico medio desta.

Por ramas de actividade, a construción presentou o peor dato (-5,8%) mentres que o mellor tiverón a rama de produtos enerxéticos e o sector primario (ambos cunha suba maior do 3%).

Segunda.- O comercio internacional tivo un dinamismo notable, pois as exportacións galegas creceron un 10,2% e as importacións un 7%. Galicia rexistrou en 2010 superávit no comercio internacional, mentres que no saldo exterior total (co estranxeiro e co resto do Estado) Gali-



cia foi a terceira comunidade por saldo negativo absoluto e a cuarta por porcentaxe de déficit en relación co PIB.

Terceira.- A taxa de inflación de Galicia en 2010 foi a maior do último trienio: un 3,1%, unha década por riba da suba media dos prezos no conxunto do Estado.

Cuarta.- De acordo cos datos do Directorio Central de Empresas do INE decreceu por segundo ano consecutivo o número de empresas nas catro provincias galegas. As empresas galegas diminúen en 2010 nun 1,41% con respecto ó ano anterior; representan un 6% do total estatal, das que arredor da metade non teñen asalariados.

Quinta.- O gasto en I+D de Galicia supón co último dato dispoñible o 0,96% do PIB, cunha diminución de 0,08 sobre o do ano anterior, lonxe da media estatal (1,38%).

Sexta.- Galicia conta con 595 cooperativas inscritas na Seguridade Social. O número de persoas traballadoras que desenvolven a súa actividade nelas é de 66.747. O número de cooperativas ven mingando nos catro últimos anos, pese a que o número de persoas traballadoras experimentou unha lixeira suba respecto ao ano pasado.

Sétima.- A poboación galega diminuíu en 2010 nun 0,1%, mentres que na media estatal subiu un 0,3%. Galicia volveu a ter nese ano a maior diminución absoluta no saldo vexetativo e, a diferenza de anos anteriores, o decrecemento natural da poboación produciuse nas catro provincias galegas.

Oitava.- A poboación ocupada de Galicia baixou en 2010 por segundo ano consecutivo, e fíxoo en 51.000 persoas, un 4,4% (tres décimas máis que no ano anterior). Diminuíu en todos os sectores produtivos.

Continuando a tendencia iniciada no ano 2008, a taxa de ocupación galega (45,9%) baixou un 1,8% e quedou 1,9 puntos porcentuais por baixo da media español (47,8%).

Novena.- A poboación desempregada de Galicia medrou en 2010 un 20,7%; fronte ao incremento medio estatal que foi dun 8,6%.

A taxa de desemprego galega segundo a enquisa de poboación activa (EPA) foi en 2010 do 15,4% (2,8 puntos porcentuais por riba do ano anterior), máis de catro puntos por baixo da media estatal (20,06%). No grupo de menores de 25 anos é do 35,41%, triplicando o índice medio de persoas desempregadas.

Décima.- Os datos do paro rexistrado amosan un incremento do 6,5%. No conxunto de España produciuse unha subida do 4,5%. A taxa de paro

rexistrado acada o 18,3% en 2010, amosando un peor comportamento no caso das mulleres, onde acadou o 20,95% fronte ao 15,62% do colectivo masculino, pero cunha tendencia a reducir as diferenzas.

No sector servizos é onde máis demandantes de emprego se concentran, pero é na categoría “sen emprego anterior” onde se experimentou o maior aumento en termos relativos en 2010.

Undécima.- Mantense unha maior representación dos homes na contratación (52%) fronte ás mulleres (48%), cunha prevalencia destas nos contratos temporais e a tempo parcial, pero cunha tendencia positiva nas contratacións indefinidas a mulleres, chegando en 2010 ao 45,69%.

Cómpre destacar que seguen existindo modalidades contractuais eminentemente femininas como a interinidade (72,40%), mentres que o de fomento de emprego tende a igualar o seu reparto (51,76%). No sector servizos e en ocupacións como empregada administrativa e servizos de restauración, persoais e de comercio mantense a maioría feminina.

Duodécima.- Polas características do traballo das mulleres (máis traballo a tempo parcial, subrepresentación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas, etc.), as mulleres galegas percibiron un salario medio anual un 24,83% (27,67% en 2009) inferior ao do home, e o 33,50% das mulleres galegas tiveron ingresos iguais ou inferiores ao S.M.I.

O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi do 89,20% das prestacións percibidas polos homes. Do mesmo xeito, as pensionistas galegas só percibiron como media o 73,89% das pensións do grupo dos homes.

Decimo terceira.- As excedencias para o coidado de persoas dependentes foron solicitadas por mulleres no 84,89% dos casos. Porcentaxes similares danse nas excedencias por coidado de fillo (95,48% de mulleres). Do total de persoas que desenvolven un traballo a tempo parcial por coidado de fillos/as e persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, o 97,19% son mulleres.

Décimo cuarta.- O volume de contratos rexistrados no ano 2010 apenas varía respecto do ano anterior. A entrada en vigor da Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo non ten o impacto previsto na contratación indefinida que cae nun 35%.

Tanto no sector público como no privado, experimentouse unha redución do peso da temporali-



dade sobre o ano anterior. Mantense polo tanto a tendencia decrecente iniciada no 2008 no sector privado, non así no público. A contratación temporal no sector privado acadou un 23,5% no colectivo masculino e o 27,8% no feminino. No sector público situouse no 17,5% e 29,2% segundo sexan homes ou mulleres. A rotación de asalariados galegos foi de 3,11 contratos eventuais por cada traballador, e a das asalariadas galegas acadou os 2,64 contratos.

Décimo quinta.- Con datos da Seguridade Social, no 2010 diminúen globalmente as cifras de empresas en alta, sendo a excepción los réximes especiais agrario e do mar, resaltando que o 87,95% das empresas teñen menos de 10 persoas traballadoras, e a ocupación elevada de persoas traballadoras en empresas cuxa titularidade corresponde a persoas xurídicas.

Décimo sexta.- Continúan a facerse patentes os efectos da crise en 2010 e o número de afiliacións á Seguridade Social diminúen en media anual en 22.200 persoas, mantendo a tendencia iniciada no ano 2008. O descenso das persoas activas prodúcese en todos os réximes agás o agrario e en todos os sectores de actividade agás no sector servizos, que medra en 5.600 persoas afiliadas en media anual.

Décimo sétima.- Diminúen en 2010 as afiliacións á Seguridade Social no colectivo das mulleres en preto de 2.700 cotizantes, se ben estas incrementan o seu peso relativo pasando a representar en decembro do citado ano o 45,56% do total das persoas afiliadas en Galicia.

Décimo oitava.- A formación de demanda en Galicia amosa un maior número de participantes (25.230). Segundo o tamaño da empresa danse as maiores porcentaxes (68,3%) en catro grupos de empresas, no seguinte orden: nas empresas de máis de 4.999 persoas traballadoras; nas de 10 a 49; nas empresas de 1 a 5 persoas traballadoras; e en aquelas con intervalos de entre 1.000 a 4.999 persoas traballadoras.

Por modalidades de impartición da formación, o 45% dos participantes completa a súa formación de xeito presencial, mentres que un 26,3% faíno a distancia, e optando os restantes por unha combinación mixta de ambos modelos.

Por contidos formativos, “prevención de riscos laborais en xeral” concentra o maior número de participantes, con 33.057 (21,6%), mentres que as dúas seguintes accións de maior número de formados son a “xestión de recursos humanos” (6,3%) e “informática de usuario – ofimática” (5,6%).

Décimo novena.- Na formación de oferta a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas desempregadas na Comunidade Autó-

noma de Galicia supuxo no ano 2010 a programación de 1.388 cursos cun orzamento total de 77.982.528 euros. Estas accións regúlanse na Orde do 28 de decembro de 2009, pola que se establecía a convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas a persoas desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao exercicio do 2010.

Vixésima.- O total de accidentes en xornada de traballo experimentou en 2010 un descenso do 7,05%, sendo máis significativa a diminución nos accidentes mortais cun 12,16%. Mantense polo tanto a tendencia decrecente que se iniciou no ano 2008. Na clasificación por actividades económicas dos accidentes, a construción segue a ser a actividade que máis sinistralidade rexistra.

Vixésimo primeira.- Galicia, no total de accidentes, está por riba do índice de incidencia estatal pese a observarse unha diminución respecto de anos anteriores, tendo catro comunidades maior índice de incidencia. Referido a accidentes mortais, Galicia ocupa o primeiro lugar de las comunidades autónomas cun índice que está máis de 4 puntos por riba da media estatal.

Vixésimo segunda.- O número de convenios colectivos que existen en Galicia a 31 de decembro de 2010, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, é de 816, dos cales 131 son de sector e 685 de empresa.

Asináronse por primeira vez este ano 20 novos convenios (2 de sector e 18 de empresa), continuando deste xeito a tendencia ao incremento do número dos mesmos.

Vixésimo terceira.- O incremento salarial pactado nos convenios colectivos asinados e revisados en 2010 foi do 2,69%. Esta media é inferior ao IPC galego deste ano, que foi do 3,1% e ao estatal que foi do 3%.

O 45,6% dos convenios asinados e o 57,7% dos revisados recollen cláusulas de revisión salarial, mentres que o 30% dos convenios colectivos de sector asinados en 2010 recollen cláusulas de desvinculación salarial.

O 98,6% dos convenios asinados recollen cláusulas sobre saúde laboral.

O 70,1% dos convenios asinados recollen cláusulas sobre discriminación e/ou acoso.

O 22,5% dos convenios asinados recollen cláusulas sobre o idioma.

En 19 convenios (5 de sector e 14 de empresa) indícase a distribución irregular da xornada e noutros 18 (8 de sector e 10 de empresa) indícase a posibilidade de establecela.

O número de convenios colectivos que recollen cláusulas de sometemento ao AGA foi de 48 convenios, o 32,7% do total dos asinados.



Existen cláusulas sobre fomento da contratación indefinida en 70 convenios (47,6% dos asinados) que afectan a 56.933 traballadores/as (76,1%), sendo 15 deles de sector e 55 de empresa.

Vixésimo cuarta.- O número de folgas realizadas neste año experimentou un claro descenso en relación cos anos anteriores, diminución que se aprecia no número de persoas traballadoras participantes e nas xornadas non traballadas. É significativo que o motivo máis frecuente da conflitividade, no que a folgas provinciais se refire, estea constituído pola falta de pagamento de salarios, seguido das regulacións de emprego.

Vixésimo quinta.- En expedientes de regulación de emprego, aínda que se aprecia un lixeiro descenso en relación coa cantidade experimentada no ano 2009, mantense, tanto en número de expedientes (1.014) como en persoas traballadoras afectadas (14.036), en cifras moi superiores ás de anos anteriores.

Vixésimo sexta.- O número de persoas perceptoras da prestación económica de desemprego continúa incrementándose tanto en Galicia como no Estado en 2010 (un 14,88% en Galicia), situándose en 149.700 persoas perceptoras en media anual.

Vixésimo sétima.- A relación activos/pasivos no sistema da Seguridade Social ven a afondar en 2010 o signo negativo: maior incremento dos perceptores de prestacións en relación cos afiliados, pasando a representar 1,40 cotizantes por pensionista, fronte ó 2,03 do conxunto do Estado.

Vixésimo oitava.- Analizando os resultados dos procesos electorais en Galicia durante o período de catro anos, e tendo en conta os representantes con mandato en vigor a 31 de decembro de 2010, a central sindical UGT-Galicia, cun 31,55% do total, é a que obtivo maior número de representantes (6.358), seguida do S.N. de CC.OO. de Galicia e CIG, cun 29,51% e 27,52%, respectivamente (5.948 e 5.5547 representantes), acadando un total de 2.301 o resto das centrais sindicais e grupos de traballadores cun 11,42%.



ESTUDOS E INFORMES DE INICIATIVA PROPIA

O artigo 3º. 2.a) da Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello, que enumera as súas funcións, establece como unha delas a de elaborar e remitir, a iniciativa propia, estudos e informes aos organismos da comunidade autónoma e formularlles propostas en materia de política laboral.

Estudo sobre o tempo de traballo e o emprego na negociación colectiva galega

O Pleno do Consello, na súa xuntanza do 15 de febreiro, aprobou encargar ao observatorio da negociación colectiva o estudo sobre o papel da negociación colectiva na organización do traballo, incluíndo un capítulo específico sobre o emprego.

O observatorio considerou de moi difícil execución o devandito estudo e propúxose a realización doutro sobre o tempo de traballo e o emprego na negociación colectiva galega, no que se incluíría unha análise da xornada, das quendas, das horas extraordinarias, da conciliación da vida familiar e laboral, así como de cláusulas sobre emprego, modalidades de contratación e subcontratación tanto sectorial como de empresa. Para este estudo teríase en conta o último e o antepenúltimo convenio sectorial de todos os sectores e algún significativo convenio de empresa que aportase novidades respecto

destas materias. Estudáronse convenios colectivos sectoriais, provinciais e a súa articulación cos convenios nacionais.

Na última sesión plenaria do ano os autores do estudo, os catedráticos de Dereito do Traballo Jaime Cabeza Pereiro e Javier Gárate Castro, deron conta deste, sinalando que estaba practicamente concluído. Preve-se que estea ultimado para finais de febreiro de 2012.



ESTUDOS COMPARATIVOS DE CONVENIOS COLECTIVOS

Segundo acordou o Pleno do Consello na planificación de actividades, o persoal deste organismo encargouse de realizar ao longo de 2011 unha serie de estudos comparativos de distintos convenios, co obxectivo principal de facilitar os procesos negociadores que se leven a cabo.

A execución destas comparativas obedece sempre a parámetros obxectivos, sen entrar a valorar as distintas cláusulas. A finalidade é clara, axudar a conseguir máis dinamismo, máis calidade e mellores contidos técnicos da nosa negociación colectiva. Acadar ese obxectivo nun proceso negociador correspóndelle xa ás persoas que negocian.

Neste ano 2011 elaboráronse estudos comparativos dos convenios de oficinas e despachos negociados nas catro provincias galegas . Así mesmo, analizáronse todos os convenios firmados en 2011 e comparáronse cos realizados no ano 2010.



PERSOAL DO CONSELLO

PERSOAL DO CONSELLO

De acordo co artigo 14º da lei reguladora, o persoal ao servizo do Consello poderá ser funcionario ou laboral, segundo o establecido na correspondente relación de postos de traballo e rexeráse pola normativa da comunidade autónoma en materia de persoal ao servizo da Administración pública.

A relación de postos de traballo é a seguinte:

- un posto de secretario ou de secretaria do Consello (30)
- unha xefatura de Servizo Xurídico e de Solución de Conflitos (28)
- unha xefatura de Servizo de Negociación Colectiva e Xestión de Convenios (28)
- unha xefatura de Sección de Xestión Orzamentaria (25)
- unha xefatura de Sección de Informes e Publicacións (25)
- unha xefatura de Sección de Habilitación e Persoal (25)
- unha xefatura de Sección Xurídica (25)
- unha xefatura de Negociado de Habilitación (20)
- unha xefatura de Negociado (18)
- un posto de secretaria ou de secretario da presidenta ou do presidente do Consello (18)
- un posto de secretaria ou de secretario da secretaria ou de secretario Consello (16)
- un posto base administrativo (14)
- catro postos base de auxiliar administrativo (12)

- un posto base de ordenanza (10)

Durante 2011 estiveron vacantes dous postos de traballo.

A unidade administrativa é a Secretaría Xeral, que agrupa as seguintes áreas:

1. Área Xurídica e de Solución de Conflitos. Ten asignada como funcións principais a de apoio á secretaria xeral na análise da normativa estatal e autonómica que incida nas funcións do Consello e na elaboración de informes sobre proxectos normativos sometidos a ditame, así como a de xestionar a tramitación dos expedientes de conciliación e mediación e de arbitraje que se inicien ao abeiro do AGA.
2. Área de Negociación Colectiva. Ten encomendada a xestión do programa informático Necol e o seguimento puntual dos contidos dos convenios colectivos e revisións salariais negociadas, así como a elaboración periódica dos distintos informes demandados sobre a negociación colectiva en Galicia.
3. Área de Estudos, Informes e Publicacións. Asume as funcións de elaboración e coordinación dos estudos e informes que se realizan a iniciativa propia e das publicacións periódicas que edita o Con-



sello, entre as que destacan a de Dita-
mes emitidos, a memoria de actividades
do organismo e o Informe anual sobre
a situación sociolaboral da Comunidade
Autónoma de Galicia.

4. Área de Xestión de Persoal, Administra-
ción e Xestión Económica. Ten encomen-
dada a xestión de persoal, a adminis-
tración do organismo e a contratación
e servizos de mantemento, así como o
seguimento e control do orzamento do
Consello e a xestión económica e con-
table. Así mesmo, é a encargada da or-
ganización de cursos, seminarios e en-
contros de debate social, entre os que
destaca o Encontro Galego de Relacións
Laborais que se celebra anualmente e o
Curso Superior de Relacións Laborais.
5. Área de Documentación e Arquivo. Xes-
tiona a documentación técnica, as bases
de datos documentais e o arquivo docu-
mental e fondo bibliográfico do Consello.

A continuación, reflíctese, por orde alfabé-
tica, a relación de traballadoras e traballa-
dores que durante 2011 prestaron os seus
servizos no Consello:

- Celso Araujo Castro
- Ignacio Bouzada Gil
- Carmen Cabanas Carlín
- Eva Camino Fernández
- Ernestina Campo Fernández
- M^a Jesús Díaz Lorenzana
- Gumersindo Donas Vázquez
- Borja Fernández Eiras
- Silvia García Roca (desde o 4 de abril de
2011)
- Paloma Gómez Moares (desde o 1 de
setembro de 2011)
- Ana Iglesias Pardo
- Zeltia Lado Lago (desde o 3 de marzo
de 2011)
- Emilio Oti Cabanelas (ata o 22 de marzo
de 2011)
- Marisa Peña Cebreiro
- M^a José Pérez Señarís
- Beatriz Rivas Bibian



GASTOS ORZAMENTARIOS

GASTOS ORZAMENTARIOS

	2010	2011
Arrendamentos	6.515,47	7.906,83
Reparacións, mantemento e conservación	9.460,35	6.963,53
Material de oficina	10.123,93	11.594,70
Subministracións	9.408,16	8.881,30
Comunicacións	3.474,65	4.935,15
Publicidade e propaganda	755,20	1.770,00
Gastos diversos	23.451,95	42.916,15
Reunións e conferencias	118.795,97	102.310,71
Limpeza e aseo	10.694,40	11.109,36
Seguridade	10.316,08	9.289,08
Estudos e traballos técnicos	51.493,96	51.542,70
Publicacións	46.498,47	48.004,24
Indemnizacións por razón do servizo	12.299,52	3.917,41
Outras indemnizacións	252.000,00	252.000,00
Total gastos servizos exteriores	565.288,11	563.141,16
Subvención á Universidade de Santiago de Compostela (Curso Superior Relacións laborais) *	55.058,66	55.058,66
Gastos de capital	14.433,41	148,44
Total gastos	634.780,18	618.348,26
Total gastos de persoal	584.876,36	583.398,30
TOTAL GASTOS	1.219.656,54	1.201.746,56



2011 MEMORIA DE ACTIVIDADES



XUNTA
DE GALICIA



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS